

Arte Rupestre Prehistórica do Eixo Atlântico



Arte Rupestre Pré-histórica do Eixo Atlântico

EQUIPO DE TRABALLO

COORDINACIÓN

José Manuel Hidalgo Cuñarro

Arqueólogo. Vigo. Membro do ICOM (Consello Internacional de Museos)

AUTORES

Fernando Javier Costas Goberna. Arqueólogo. Vigo.

Lara Bacelar Alves. Arqueóloga. Núcleo de Arqueología da Universidade do Minho, Braga.

Antonio de la Peña Santos. Arqueólogo. Museo Provincial de Pontevedra.

Antonio Manuel S. P. Silva. Arqueólogo. Câmara Municipal do Porto.

ISBN:

Depósito legal:

Fotografías

Galicia

Fernando Javier Costas Goberna

Antonio de la Peña Santos

J.M. Hidalgo Cuñarro, 16, 86, 88, 89, 99,
100, 101, 104, 106, 108, 110, 117, 118, 132,
137, 140, 142.

Portugal

F.J. Costas Goberna, 173, 174, 176, 177, 182, 183, 193,
194, 195b, 198, 199.

Lara Bacelar Alves, 172, 180, 204, 205, 206, 211.

António M. Silva, 175, 190, 191, 195a, 196, 197, 213.

Antonio M. Baptista, 178, 202.

Antonio P. Dinis, 219.

Calcos e Deseños

Galicia

F.J. Costas Goberna

A. de la Peña Santos

Portugal

E.J.L. Silva

A. Cunha

A.M. Baptista

F. Lanhas

Centro Nacional de Arte Rupestre

Coberta: Petroglifo da Pedra do Labirinto. Mogor, Marín, Pontevedra. (J.M. Hidalgo)

© 2005 Copyright Eixo Atlántico, coordinador e autores de la publicación.

COMISIÓN EXECUTIVA / COMISSÃO EXECUTIVA

JOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO

Presidente / Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANTONIO MAGALHÃES

Vicepresidente / Pdte. da Câmara Municipal de Guimarães

CORINA PORRO

Vocal / Alcaldesa de Vigo

RUI RIO

Vogal / Pdte. Câmara Municipal do Porto

JOÃO BAPTISTA GONÇALVES

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Chaves

JOAQUÍN GAGO LÓPEZ

Vocal / Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

MANUEL J. CABEZAS ENRIQUEZ

Vocal / Alcalde de Ourense

MANUEL DO NASCIMENTO MARTINS

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Vila Real

SERVIZOS TÉCNICOS – SERVIÇOS TÉCNICOS

XOAN MAO

Secretario Xeral / Secretario geral

AMAYA GARCÍA

Coordinadora – Galicia (España)

CLAUDIA ANTUNES

Coordinadora – Região Norte (Portugal)

MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ

Administración

CLAUDIA RANGEL

Técnica

Calle Bolivia, 4
36203 VIGO
Tel. 0034 986 480 616
Fax. 0034 482 022

Av. Inferior á Ponte
D. Luís 1, 55
5050 – 074 PORTO
Tel. 00351 222 019 937/8
Fax. 00351 222 019 939

Avenue Milcamps, 105
1030 BRUXELLES
Tel. 0032 27 355 440
Fax. 0032 27 354 678

Introducción

José Manuel Hidalgo Cuñarro 1

Arte rupestre en Galicia

Antonio de la Peña Santos 3

Roteiro de petroglifos de Galicia

Antonio de la Peña Santos, Fernando Javier Costas Goberna 83

Arte rupestre pós-glaciar no Noroeste de Portugal

António Manuel S.P. Silva, Lara Bacelar Alves 171

Roteiro de arte rupestre do Noroeste de Portugal

António Manuel S.P. Silva, Lara Bacelar Alves 189

INTRODUCCIÓN

José Manuel Hidalgo

Logo dun longo proceso de análise e estudo sobre a arte rupestre prehistórica do norte de Portugal e Galicia, no que se conxugaron un traballo exhaustivo de laboratorio e un constante labor de campo, deu como froito a posibilidade de ofrecer unha visión actualizada e divulgativa deste apaixonante e suxestivo tema arqueolóxico.

Antes de nada é esencial aclarar que, como no anterior libro titulado, Rutas arqueolóxicas do Eixo atlántico, xa se tratou o apartado dos gravados e pinturas localizados nos dolmens da nosa área de estudo, nesta ocasión, non se expón a repetición das citadas insculturas prehistóricas.

A publicación artículase sobre as áreas xeográficas que forman o “Eixo atlántico”, a galega e o norte de Portugal, formulando primeiramente unha serie de consideracións sobre os petróglifos, a historiografía das investigacións arqueolóxicas sobre os mesmos, a ampla gama de motivos que nos ofrecen, o seu significado... para poder introducirmos algo no tipo de sociedade autora deses gravados en rocha ao aire libre; e a continuación, preséntanse as rutas ou itinerarios que podemos realizar para coñecer sobre o terreo, e dun xeito in situ, as principais estacións de arte rupestre da nosa zona xeográfica. A elección destes petróglifos e non doutros, non só se fundamentou na importancia en si do xacemento arqueolóxico, senón tamén, pola súa posible boa situación para ser

localizado sen problemas ou pola boa visión que posuímos na actualidade dalgúns deles, que pode variar co tempo.

Os gravados rupestres prehistóricos que se localizan no noso ámbito xeográfico trasladánnos ata hai catro mil anos e vannos ensinando, pouco a pouco, as manifestacións culturais e artísticas do home que habitou estas terras por eses tempos, a través dos motivos de animais, xeométricos ou de armas que representa, deixándonos aínda hoxe en día, con múltiples e complexas dúbidas sobre o seu significado e intencionalidade.

Con este libro que o lector ten agora nas súas mans e o mencionado anteriormente, podemos dicir que se puxo a disposición do público en xeral e dos estudosos destes temas arqueolóxicos en particular, unha publicación que pretende como obxectivo fundamental, dar a coñecer o noso extraordinario patrimonio histórico-artístico, realizando unha valoración adecuada e ampla do mesmo, para que os organismos públicos competentes na materia e os particulares a quen lles gusta coñecer o seu pasado máis remoto, e en definitiva, as súas raíces, poidan ter unha idea verdadeira e obxectiva da nosa riqueza arqueolóxica.

ARTE RUPESTRE EN GALICIA

Antonio de la Peña Santos

Corrían os anos finais do século XIX cando nos ambientes intelectuais galegos máis dinámicos iban tomando corpo algunhas vagas informacións que falaban da posible existencia no territorio galego dunha verdadeira arte rupestre prehistórica. De inmediato, investigadores vencellados á benemérita *Sociedad Arqueológica de Pontevedra* puxéronse mans á obra e así, xa nos anos iniciais do século XX, foron quen de presentar ao colectivo científico unha ampla serie de probas gráficas que serviron non só para confirmar as sospeitas senón para incluír xa dun xeito definitivo os gravados rupestres galaicos dentro do conxunto de focos de arte rupestre da Península Ibérica. Hoxe, máis ou menos cen anos depois, hai algo que está a ganar cada día máis adeptos nos diferentes ambientes sociais de Galicia: a opinión de que os nosos gravados rupestres poden ser considerados con relativa facilidade coma unha das manifestacións culturais máis interesantes de toda a prehistoria galega e, se cadra, coma a única provista de argumentos dabondo para seren entendida como xenuinamente galega. Por unha banda, a súa categoría estética e artística é cada vez máis recoñecida; pola outra, os seus ben probados compoñentes simbólicos e ideolóxicos comezan a ser identificados e tidos en conta como valiosa fonte de información dalgúns dos aspectos estruturais básicos da sociedade da época na que foron concebidos.

Agora ben, sendo case que unánimes as opinións en canto ao altísimo interese deste grupo de arte rupestre, non por elo a realidade actual é menos dura. Os gravados rupestres galaicos aínda seguen a estar ausentes en non pou-




Coto do Outeiro, Cotobade. Pontevedra. Detalle.

cas sínteses da arte prehistórica europea e/ou peninsular, e, o que é moito máis grave, están a sufrir un cúmulo de agresións de todo tipo que fan temer pola súa mesma existencia nun prazo curto de tempo. Pero non adiantemos os acontecementos.

Para unha definición previa do tema

Obviamente, unha definición o máis axeitada posible do tema do que estamos a falar parece, por pura lóxica, o punto de partida máis razoable se do que tratamos é de adentrármonos na descrición e, ata certo punto, na comprensión dos gravados rupestres galaicos. E facemos esta advertencia porque por moito que poida sorprender a estas alturas da investigación aos lectores non



Coto do Outeiro, Cotobade. Pontevedra. Calco.


demasiado familiarizados co asunto, segue sendo preciso insistir nunha obviedade: que non todos os debuxos que podamos atopar gravados sobre penedos ao ar libre no noroeste da Península Ibérica teñen por qué coincidir nen nos aspectos temáticos nen nos técnicos e, por suposto, non teñen por que ser todos sincrónicos e moito menos da mesma época. O que acabamos de dicir semella unha verdade de Pero Grullo, e de certo que é unha perogrullada, pero unha perogrullada que compre ter sempre ben presente porque moitos autores teiman por vencellar aos tempos prehistóricos calquera figura gravada nas rochas por máis que xa á simple vista de carquera profano resulten rechamantes as evidencias do emprego de instrumental de talla moderno –metálico xa que logo– e a escasa incidencia aportada pola erosión natural. Unicamente un número moi concreto de gravados provistos dunhas características iconográficas, tipolóxicas e técnicas moi similares e específicas que logo pasaremos a describir, e cun grao de desgaste natural máis que apreciable resultado de varios milenios de exposición á intemperie, son os que conforman o conxunto de arte rupestre prehistórica ao



Coto do Corno, Teo. Aspecto xeral.

aire libre que a investigación arqueolóxica definiu hai xa varios anos e bautizou co nome de **Grupo Galaico de arte rupestre**.

Como teremos ocasión de ver polo miúdo máis adiante, serán determinadas cuestións de tipo técnico, iconográfico, cronolóxico e de distribución espacial –entre outras moitas, por suposto, anque estas se cadra bastante menos evidentes nunha análise superficial– as que a fin de contas nos van permitir individualizar e definir este potente grupo de arte rupestre, un grupo que hoxe é considerado sen lugar a dúbidas coma unha das manifestacións plásticas e culturais máis espectaculares da prehistoria europea pesia ser aínda non todo o coñecido que merecería fóra do ámeto galego. Ese aspecto tan esvaído que ofrecen os surcos da maior parte das figuras polo efecto de varios milenios de erosión natural activada polos axentes atmosféricos e que en moitas ocasións supoñen a total ou parcial desaparición das figuras, un repertorio iconográfico moi par-



Coto do Corno 1, Teo. A Coruña. Calco.

ticular anque tamén moi limitado e bastante repetitivo, codificado e xeralizado –dominado dun xeito masivo polas figuras xeométricas e, xa a moita distancia, por algunhas atractivas representacións de tipo máis ou menos naturalista–, a elección altamente significativa das superficies concretas escollidas para gravar, e, por fin, a peculiar distribución dos conxuntos rupestres dentro da xeografía galaica e no medio dunha paisaxe concreta, conforman un conxunto de factores que dota de forte personalidade aos nosos complexos rupestres e permite a este foco marcar diferencias fundamentais tanto con fenómenos rupestres propios doutras áreas culturais como dese tan abigarrado, heteroxéneo e incordiante conxunto do que falabamos máis arriba: o que forman as figuras que foron gravadas en tempos máis modernos por multitude de causas.

Un difícil percorrido

Hai que recoñecer que se hoxe sabemos da existencia destas testemuñas culturais é grácias ao labor desinteresado levado á cabo por unha mancha de afeccionados que buscaron, documentaron e difundiron con mellor ou peor fortuna os complexos rupestres galaicos ao longo dun reducido lapso temporal que popdemos establecer en pouco máis ou menos un século. Vexamos.

Corren os anos de segunda metade do século XIX. Paseniño, van facendo acto de presenza nas publicacións históricas editadas en Galicia certas novas que dan conta do descubrimento nas terras galaicas do que pode ser un complexo moi peculiar de arte rupestre ao ceo aberto, unha arte formada por agrupacións de gravados de puntos, círculos concéntricos, espirais, e outros desenhos de difícil identificación. Estes primeiros autores –Murguía, Barros Sivelo e outros– interpretarán lóxicamente as primeiras mostras coñecidas desta arte rupestre baixo a óptica do postromanticismo e do seu celtismo militante: ben sexa como imaginativas testemuñas de supostos arcanos rituais druídicos de carácter astronómico, ben como os restos do que para eles debeu de ser unha descoñecida escritura de filiación céltica; por outra banda, a chegada por aqueles tempos de novas referentes á aparición de focos de arte rupestre moi semellantes ao noso na Irlanda e na Escocia vailles permitir engadir novos argumentos para defender a existencia dunha suposta identidade cultural e racial céltica entre Galicia, Bretaña, Irlanda e Escocia.

Pero, como é lóxico, estas primeiras referencias non pasan de ser unha especie de paos de cego. A verdadeira importancia do foco de arte rupestre galaico só será recoñecida logo do labor de prospección e difusión levado a cabo por prosoceiros vencellados á *Sociedade Arqueológica de Pontevedra* nos anos da transición entre os século XIX e XX. Ramón Sobrino Buhigas e o debuxante Enrique Campo Sobrino atopan varias ducias de rochas gravadas nos arredores da vila pontevedresa. Reproducións ao molde e láminas de debuxos son exhibidos na Exposición Galega de 1909, e no ano seguinte Enrique Campo ten a posibilidade

de de mostrar en Madrid varias das súas láminas a membros da *Real Academia de la Historia*, o que causa o asombro de persoeiros da arqueoloxía da época como Cabré, Fita ou Mélida. Pódese dicir que este feito marca un antes e un logo de: a arte rupestre galaica irá pouco a pouco saíndo do seu localismo e comezando a ser tida en conta nalgunha das sínteses da arqueoloxía peninsular, como por exemplo a que o mencionado Cabré publicaría no 1915 sobre a arte rupestre en España.

E deste xeito é tamén que os nosos gravados pasarán a ser obxecto de atención por parte de certos investigadores extranxeiros de grande sona, que formularán hipóteses e expondrán opinións que calarán ben fondo nos autores galegos, sempre tan afectados polo criterio de autoridade. Esta dinámica, que aínda se deixa sentir nos tempos actuais, abriuse coa estadía nesta terra do sabio arqueólogo alemán Hugo Obermaier a principios da década dos anos vinte. Obermaier tentará de introducir certa orde no estado da cuestión sistematizando e facendo dous grandes bloques temáticos: o máis antigo o integrarán deseños idoliformes, cruciformes, en ferradura..., que sitúa nos tempos finais do Neolítico, e ao que seguiría no tempo un segundo grupo formado polas figuras circulares e de animais, que data ao longo da Idade do Bronce. A hipótese de Obermaier está claro que supuxo un forte avance na actualización dos estudos da nosa arte rupestre ao sistematizala precisando e modernizando os conceptos e ao deslígala con claridade da mitoloxía celtista, que quedou emparellada máis ou menos dende entón ao mundo castrexo.

Mentres tales cosas acontecían fundábase en Compostela o *Seminario de Estudos Galegos*. Con elo tratábase de acometer o estudo integral das manifestacións da cultura galega dende a interdisciplinabilidade e cun ideario nacionalista. Varios dos máis conspícuos membros do Seminario aportarán nos seus estudos históricos novidades verbo dos gravados rupestres. Son os casos de Fermín Bouza-Brey e, en menor medida, de Florentino López Cuevillas, dúas figuras que, sen se apartar un chisco das opinións de Obermaier, á máis de dar a coñecer novos complexos e de propoñer unha prolíxa e moi pouco operativa



A Irena 1, Pontecaldelas. Pontevedra. Detalle.

clasificación temática desenrolando a do arqueólogo alemán –alfabetiformes, antropomorfos, zoomorfos, soliformes, espirais, combinacións circulares, óvalos, esvásticas do Miño e serpentiformes–, tentarán con éxito moi relativo de facer da arte rupestre galaica un elemento máis da identidade cultural atlántica.

Nesta orde de cousas, será precisamente o *Seminario* o que edite, en 1935, a obra máis coñecida no tocante aos gravados do grupo galaico: o *Corpus petroglyphorum Gallaeciae*, froito de varias décadas de traballo de campo e gabinete de Ramón Sobrino Buhigas en estreita relación coa xa mencionada máis arriba *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*. A aparición deste libro, con algo máis de dous centos de fotografías de complexos rupestres e unha minuciosa introducción descriptiva ao tema que é un portento de información válida ain-



A Irena 1, Pontecaldeas. Pontevedra. Plano xeral.

da hoxe en boa parte, trouxo como efecto máis inmediato unha maior difusión internacional do patrimonio rupestre galaico malia ter aparecido nunhas datas tan desfavorables por coincidir na práctica co estoupido da Guerra Civil. Pero anque coa inevitable ralentización que tal feito supuxo para a difusión da obra, o caso é que foi pouco a pouco difundíndose e cumprindo coa súa función; agora ben, non deixa de ser máis que curioso constatar que, por máis que Sobrino decidiu escribir o seu libro en latín coa sanísima intención de darlle un carácter supranacional e facilitar a súa lectura, o certo é que os resultados foron exactamente os contrarios dos que se buscaban, e, independentemente das continuas referencias ás ilustracións, non parece que ningún colega seu, nen contemporáneo nen inmediatamente posterior, se tomara a molestia de traducir o texto e, xa que logo, tivera como consecuencia demasiado en conta as moi atinadas opinións do autor.

Consecuencia inevitable da guerra civil de 1936 a 1939, a investigación en xeral entrou en Galicia nunha longa etapa de estancamento, mesmo de acusado retroceso. Polo que atinxe en concreto aos nosos gravados, só será a partires da década dos cincuenta cando se asista por fin a un certo despegue. Esta recuperación nos estudos da arte rupestre virá da man, por unha banda, doutro investigador extranxeiro, neste caso o irlandés Eoin Mac White, que tratará deles no seu amplo e documentado estudio das relacións atlánticas na Idade do Bronce, e pola outra e por encima de todo, das obras do que hoxe se considera na historiografía particular como o máis sobranceiro dos autores que trataron o tema: Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, fillo de Ramón Sobrino Buhigas.

Nunha, por outro lado, relativamente nutrida nómina de publicacións, Sobrino Lorenzo-Ruza acadou o nivel máis alto na investigación da arte rupestre galaica en todos os seus aspectos. Continuando co labor do seu pai, comezará por desmontar a teoría dos dous grupos que lanzara Obermaier, ata entón pouco menos que intocable e intocada, rexeitando os temas que o autor alemán incluíra no seu grupo antigo pola súa clara condición moderna; co resto da temática forma un grupo que bautiza co nome de *grupo galego-atlántico*, e que data ao longo das Idades do Cobre e do Bronce e considera que derivaría de influencias chegadas a estas terras dende o Mediterráneo e que de Galicia se difundirían ata Irlanda, logo á Grande Bretaña, e por fin á Escandinavia. Pero, por máis que a solidez dos coñecementos de Sobrino Lorenzo-Ruza fixera pensar o contrario a tenor do nivel por aquel entón da ciencia prehistórica en Galicia, do mesmo xeito que acontecera co seu pai tampouco os prantexamentos deste investigador lograron acadar maior éxito entre os seus colegas ata moitos anos logo da súa morte.

O prematuro pasamento de Sobrino Lorenzo-Ruza fixo que a investigación da arte rupestre galega entrase nunha etapa de atonía que só romperá a aparición da síntese do italiano Emmanuel Anati na segunda metade dos sesenta. Anati, unha figura de moi recoñecido prestixio internacional, elabora unha hipótese que entende o foco de arte rupestre galaico como froito dun longo pro-

ceso de varios milleiros de anos que partiría dun suposto período epipaleolítico ata desaparecer coa romanización do territorio; ao longo de tan dilatado ciclo iríanse plasmando nos paneis diferentes tipos de figuras, dende as máis arcaicas –os zoomorfos– ate as máis modernas –os cruciformes– pasando polas figuras de armas dos primeiros tempos da Idade do Bronce e as combinacións circulares da plenitude da Idade do Bronce nunha sorte de compartimentos estancos. Xa dende a súa publicación, a hipótese de Anati foi criticada polo seu claro coñecemento de artificiosidade ao adjudicar a cada período motivos concretos que adoitan aparecer xuntos en moitos paneis. Pero as reticencias non foron óbice para que a visión de Anati acadase unhas cotas moi altas de popularidade entre a maior parte dos investigadores galegos do momento inmediatamente posterior, e o efecto máis beneficioso foi que por mor do alto prestixio do autor italiano os nosos gravados acadaron un pouco máis de renombre internacional.

A segunda metade da década dos setenta será clave no coñecemento e difusión do foco galaico de arte rupestre. Logo dunha serie de publicacións centradas na mellor definición do tema fronte á irreal síntese de Anati, a edición en 1979 do libro de Peña Santos e Vázquez Varela suporá, por vez primeira e salvando as distancias co *Corpus* de Sobrino Buhigas, a difusión dunha síntese feita en Galicia e por autores galegos sustentada nun traballo sistemático de investigación de varios anos. En esencia, pártese neste libro dun minucioso cadro tipolóxico dos motivos coñecidos entón nos complexos rupestres para achegarse á cronoloxía máis segura para cada tema concreto e para intentar unha aproximación ao seu posible significado; para os autores desta obra, os petroglifos galaicos non evidenciarían puntos de contacto significativos coa arte megalítica do período neolítico, desenrolándose ao longo da Idade do Bronce e desaparecendo ao socaire da implantación do fenómeno castrexo da Idade do Ferro. O ciclo proposto sería, xa que logo, bastante máis reducido no tempo que o proposto por Anati, e no básico tería moitos puntos en común cos prantexados no seu día por Sobrino Buhigas e Sobrino Lorenzo-Ruza.



Pedra Redonda, Cotobade. Pontevedra. Panorâmica xeral.



A Martizas 2, Campo Lameiro. Pontevedra. Motivos xeométricos.

Superadas non poucas reticencias iniciais, logo da edición deste libro a relación dos gravados rupestres galegos coa Idade do Bronce pasou a ser aceptada sen maiores críticas –agás as inevitables aproximacións heterodoxas e esotéricas ao tema, cada vez máis numerosas e descaradas– ata o día de hoxe. Tanto é así, que as numerosísimas publicacións que veron a luz na década dos oitenta, e a maior parte das editadas nos noventa, son todas elas obras que aportan novas testemuñas de petroglifos –as máis delas froito das intensas prospeccións desenroladas por individuos e equipos vinculados ao Museo Municipal de Vigo e, nunha primeira fase, ao Museo de Pontevedra– sen por para nada en cuestión as conclusións básicas do libro de Peña Santos e Vázquez Varela.

Un auténtico cambio cualitativo foise producindo na década dos noventa, cando comezaron a xurdir obras que abordaban a análise dos nosos grava-



Poza de Cogoludos, Campo Lameiro. Pontevedra. Zoomorfo e círculos.

dos dende diferentes perspectivas e liñas de investigación e que todas elas teñen en común o considerar as manifestacións rupestres como un produto social de primeirísima magnitude, susceptible por elo de aportar información de gran valor para poder comprender algo do universo simbólico e ideolóxico das comunidades campesiñas responsábeis da súa existencia, unhas comunidades, por certo, que se para a práctica totalidade dos autores serían as da Idade do Bronce en liñas xerais –seguindo polo tanto as vellas teorías– para outros menos, entre os que nos contamos, serían as dos primeiros tempos da metalurxia, aló pola segunda metade do Terceiro Milenio a.C.

Tras a correspondente etapa de titubeo, esta cronoloxía corta é aceptada na actualidade pola maior parte dos autores especializados no estudio da arte ru-




Poza de Cogoludos, Campo Lameiro. Pontevedra. Detalle do calco.

pestre. Hoxe, por fin, os gravados galaicos xa se estudian no seu contexto, é dicir, como manifestación cultural dunha sociedade concreta, como o produto social que son. Son avances enormes nos aspectos teóricos e no coñecemento xeral do tema, que contrastan de xeito dramático co lamentable e galopante estado de deterioro que afecta a este ben cultural tan fráxil e que padece as accións vandálicas directas –alteracións puntuais, canteiras, obras en xeral, etc.– e indirectas –transformación do medio natural, incendios forestais, etc.–, no medio da aparente indiferencia dos responsables da protección do patrimonio histórico.

Formas e iconografía


Agora que temos bastante máis centrado o tema podemos xa entrar en materia, e seguramente o primeiro debería ser pasar revista aos temas representados con maior frecuencia. Nesta orde de cousas, é algo xa tradicional polo que



O Corzo, Porto do Son. A Coruña. Calco.

ten de operativo que o repertorio temático dos gravados rupestres galaicos sexa dividido para a súa mellor descripción en dous grandes bloques iconográficos: un, como xa mencionabamos máis arriba abrumadoramente maioritario, está integrado polos deseños de carácter xeométrico; o outro, francamente minoritario, é o caracterizado polas figuras máis ou menos naturalistas.

Por suposto, os temas máis representados son os xeométricos. Puntos de variado diámetro, toda a gama posible de combinacións de círculos concéntricos e de espirais, os deseños laberínticos entre eles os deseños canónicos do tipo mediterráneo..., tanto polo seu número como pola súa variedade conforman a base iconográfica esencial da nosa arte rupestre, ben sexa cando aparecen de forma aillada, ben cando o fan en asociación directa con figuras do repertorio naturalista. Pero vaíamos máis polo miúdo.



Forno de Tella 1a, Cuntis. Pontevedra. Plano xeral.

Os puntos –tamén chamados coviñas, foxas, cazoletas– aparecen como parte significativa na práctica totalidade dos nosos complexos rupestres. Cando acompañan e/ou complementan a outras figuras da iconografía clásica non deberían plantexarse demasiadas dúbidas en canto á súa vinculación directa co noso grupo de arte rupestre; os problemas xurden cando atopamos puntos ou, o máis frecuente, grupos de puntos aillados: tendo en conta a simplicidade formal deste tema –pode haber algo máis sinxelo ca un simple punto?– e xa que logo a súa aparición constatada en ambientes culturais moi diversos no espacio e no tempo, faise necesario actuarmos con moita prudencia á hora de adxudicar a un determinado contexto as por outra banda relativamente frecuentes agrupacións ailladas de puntos.

Fronte á xa vista ambigüidade dos puntos, parece existir un consenso case que xeral á hora de considerar aos círculos, tanto se falamos dos de debuxo máis simple coma se o que tratamos son as complexas combinacións de formas máis ou menos concéntricas, o verdadesiro tema básico, troncal, do noso grupo




Chan de Carballeira 3, Campo Lameiro. Pontevedra. Calco.



Monte das Cuñas, Pontecaldelas. Pontevedra. Calco.

de arte rupestre, e ao tempo o que máis o vencella a outros fenómenos rupestres coetáneos da órbita atlántica europea cos que por certo garda rechamantes semellanzas formais. Rarísimo é o petroglifo galaico no que as combinacións circulares non sexan o tema máis representado sobre o panel, e de feito pódense contar con relativa facilidade aqueles nos que este tipo de figura está totalmente ausente. As variantes detectadas no mundo das combinacións circulares son tan numerosas que impiden a elaboración de táboas tipolóxicas axeitadas: temos dende as formas máis simples, á duras penas integradas por un punto rodeado dun único anel de pequeno diámetro, ata chegar á certas xigantescas combinacións de círculos concéntricos que poden acadar máis de tres metros de diámetro, pasando naturalmente por todo un inmenso elenco de variantes que as máis das veces forman composicións abigarradas nas que as combinacións circulares se entrelazan mediante redes de liñas, etc. En resumidas contas, o caso é que os círculos semellan estar a representar a plasmación plástica dun complexo universo de crenzas de tipo simbólico dificilmente desentrañable de non contarmos cun axeitado “libro de claves”. Son sen dúbida o máis claro espóñente da existencia dunha linguaxe mística moi complexa, indicadora á súa vez e por si mesma do grao de complexidade e do nivel de desenrolo acadado polo mundo espiritual da sociedade que plasmou nas rochas graníticas galaicas esta manifestación cultural. Algo semellante podería tamén dicirse dos deseños de espirais –que anque menores en número adoitan aparecer sempre en íntima relación coa temática circular– e de certas figuras de cadrados de esquinas arredondadas.

Bastante máis raras que o que levamos visto ate o de agora son esas figuras tan atractivas que na bibliografía arqueolóxica tradicional aparecen denominadas coma labirintos de tipo Mogor ou, mellor, de tipo mediterráneo, e das que na actualidade tan só se coñecen cinco exemplares canónicos, todos eles por certo concentrados na zona costeira meridional da provincia de Pontevedra. Son en todos os casos deseños dun trazado complicado dabondo como para que o máis razoable sexa supoñer que para a súa plasmación facíanse necesarios tanto a transmisión como o aprendizaxe. Coñécese este tema iconográfico cando menos dende os tempos da plena Idade do Bronce en contextos moi variados do



Os Ballotes 4, Vilagarcía de Arousa. Pontevedra. Debuxo do calco.

mundo do Mediterráneo, e a súa presumible difusión posterior a zonas remotas tanto no espazo coma no tempo parece situarnos diante dun símbolo universal cun significado variable que dependería en última instancia do preciso contexto cultural que o adoptase. Nesta orde de cousas cremos moi interesante suliñar que, hoxe por hoxe e tomando en consideración as datacións que se manexan e das que logo falaremos, as mostras máis antigas que coñecemos destes controvertidos deseños parecen ser as representadas nos nosos gravados, delo podería deducirse que o tema do laberinto tipo Mogor debeu de ser ideado aquí e difundido dende aquí, por máis que os nosos esquemas mentais non estean feitos para pensar en que cousas así poideran suceder; pero mentres os datos non varíen, a cousa está así.


Unha cousa que debemos deixar pasar por alto é o feito ben comprobado de que a inmensa maioría dos complexos con gravados rupestres de temática

xeométrica presentan coma particularidade evidente o feito de ter escollido para elo superficies rochosas moi pouco destacadas sobre o terreo circundante, coma se con elo se estivera dando a entender que estas figuras non estaban feitas para que as mirara a xente corrente senón tan só uns privilexiados. Máis adiante voltaremos sobre este asunto.


En fin, se os deseños xeométricos son os máis representados en canto a número e os que ofrecen unha maior dispersión xeográfica, as figuras de estilo naturalista serán por contra as que doten aos nosos gravados dunha personalidade fortemente marcada dentro dos grandes focos de arte rupestre da Europa Occidental. Se falamos en termos de estilo, diremos que se trata polo xeral de deseños a media distancia entre o que sería a estilización máis o menos definida e o puro esquematismo, sempre cun sustancial aforro de detalles. Os temas naturalistas representados con máis frecuencia son os zoomorfos –cérvidos e équidos sobre todo, sempre e cando somos quen de identificalos–, o conxunto formado polos antropomorfos e as figuras semellantes a seres humanos, e por fin as imaxes de artefactos moi concretos como poden ser certas armas e os chamados “ídolos-cilindro”.

Adoita suceder que o elevado esquematismo e a racanería posta na plasmación dos detalles anatómicos co que foron gravadas as figuras de zoomorfos nos impide recoñecer coa mínima seguridade a especie representada e non nos deixa ir máis aló da mera constatación de que estamos na presenza de imaxes de cuadrúpedos. Malia tal dificultade de partida, cando somos quen de identificar a especie animal representada, resulta que se constata que as figuras zoomorfas de aparición máis frecuente sempre son os cérvidos, sen que podamos facer máis precisións en canto á especie representada en cada caso concreto. Por eso falaremos sempre, genericamente, de cérvidos.

Cunha dispersión xeográfica que á penas parece sobrepassar o ámbito das Rías Baixas, se entramos no que toca ao plano formal atoparemos dúas grandes variedades: a que temos denominado estática, e a dinámica. Na primeira




A Gurita, Porto do Son. A Coruña. Plano xeral do petroglifo.



Nabal do Martiño, Pontecaldelas. Pontevedra. Plano xeral.



Nabal do Martiño, Pontecaldelas. Pontevedra. Vista parcial.



O Pio 1, Pontecaldelas. Pontevedra.
Antropomorfo e zoomorfo.

delas, as figuras aparecen debuxadas á partir de dúas liñas básicas: coa inferior se materializa o interior das patas e o ventre, en tanto que coa superior se marca o exterior das patas, o colo, a cabeza e o lombo do animal; pola súa parte, na variedade dinámica os animais foron representados claramente ao galope: os cartos traseiros se elevan en relación aos dianteiros, e a parte

inferior de cada par de patas aparece unida pola mesma liña e apuntando cara ao espazo situado baixo o animal. Case que sempre se debuxaron as pequenas colas e as cornamentas, estas últimas polo xeral espectaculares, desproporcionadas e sempre representadas de fronte; de xeito ocasional se perciben os xenitais dos machos, e nalgún caso no que o tamaño da figura e as condicións da rocha o fixeron posible foron trazadas a boca, as orellas e os ollos do animal.


Unha análise máis polo miúdo das figuras zoomorfas vainos permitir atopar certo número de variantes locais que, sempre sen apartarse dos parámetros normativos xerais, ofrecen pola contra certas particularidades que veñen a suxerir a existencia de algo así como correntes estilísticas; de feito, case que poderíamos falar en termos da Historia da Arte de *mestres* ou *escolas* locais. As máis claras de entre as que se teñen detectado polo de agora son as propias da comarca da ría de Arousa –caracterizada polos animais de aspecto estático con colo desproporcionadamente longo e pares de patas debuxados con tres trazos paralelos–, a do sudoeste da provincia pontevedresa –con cérvidos de tamaño máis pequeno que a media e moi esquemáticos– e a da zona de Tourón –coa indicación do movemento por medio da disposición das patas en arco–.

Máis aló destes aspectos puramente formais, unha análise polo miúdo dos paneis coñecidos ata o de agora con figuras de cérvidos nos plantexa algúns



Os Carballos, Campo Lameiro. Pontevedra. Detalle.

detalles a tomar en consideración. Parecen ser bastantes as veces nas que o artista da a impresión de que tratou de plasmar a realidade natural con maior ou menor fortuna; tal que así o indicarían, por unha banda, os leves indicios que se aprecian do emprego de nocións rudimentarias de perspectiva baseadas no uso de diferentes tamaños nas figuras e na disposición das mesmas sobre o panel; por outra, as manadas de exemplares de diferentes sexo e idade representadas ben en actitude tranquila ou ben en plena estampida e que en certos casos deixan ver unha aguda e precisa observación da realidade natural; por outra banda, certas imaxes que en principio podemos relacionar co ciclo reproductivo dos cervos –tais os grandes machos en celo berreando, os rituais de apareamento, as cópulas máis ou menos explícitas...–; e finalmente, as escenas de caza maior –das que teremos que voltar a falar cando tratemos da figura humana– ou de animais feridos por armas arboladizas ou con trazos no seu corpo que poderían ser interpretados como feridas... Pero se somos quen de superar a impresión inicial, pronto chegaremos a comprender que a cousa non é tan evidente: certos detalles fannnos sospeitar que non estamos diante do que o ser humano ve no medio natural senón do que lle gustaría ver. As desproporcións, por citar un único exemplo, dos machos sobre as femias nas manadas, mesmo a




Pinal do Rei, Cangas do Morrazo. Pontevedra. Detalle.

esaxeración dos elementos distintivos daqueles cornamentas, falos indican que existe unha vontade clara de privilegial unha especie os cérvidos –e un sexo o masculino– alterando conscientemente a orde natural. En resumidas contas, para non pecarmos de prolixos, estamos ante todo un complexo entramado de carácter simbólica no que os cérvidos, por certo uns animais que polo que sabemos non parece que desempeñasen un papel fundamental na base económica da sociedade do momento, pola contra está ben claro que sí ocupaban un lugar sobranceiro no seu mundo mítico; que os cérvidos copen a práctica totalidade do bestiaro rupestre galaico é un feito que non deixa moito campo para a discusión da súa condición.



A Pedreira 1, Redondela. Pontevedra. Debuxo do calco.

Porque á parte do grupo formado polos cérvidos, temos que admitir que as restantes variedades animais documentadas nos nosos gravados son moi poucas e á penas están representadas. Os escasos cabalos que podemos identificar coa mínima seguridade son, falando nun plano formal, absolutamente idénticos aos cérvidos; en realidade, só atopamos un único detalle anatómico que os distinga: ademáis de levar como norma xeral unha figura humana sobre o seu lombo, é o feito de estar dotados dunha larga e mesta cola que contrasta



Laxe dos Bolos, Caldas de Reis. Pontevedra. Calco.

de xeito radical cos rabiños enhiestos dos cérvidos. Por fin, no máis de catro ou cinco figuras de serpes –deseños ondulantes con cabeza diferenciada e/ou plasmación das escamas do pelexo– e varias rochas con debuxos –alguns, por certo, sumamente naturalistas– de pegadas de pezuñas de cuadrúpedos ungulados, completan a grandes rasgos o repertorio de carácter zoomorfo coñecido ata o día de hoxe nos nosos gravados.

Cambiando de tema, se tomamos a decisión de deixar polo de agora de lado certas figuras de tamaño destacado e que polo seu aspecto semellan ter un certo, anque un tanto vago, carácter antropomorfo –e das que falaremos máis adiante–, as escasas representacións seguras de figuras humanas coñecidas ata hoxe no noso foco de arte rupestre foron sempre plasmadas en tan só dúas actitudes: ben sexa cazando pé a terra, ben sexa cabalgando aos lombos dun dos cabalos que describimos no parágrafo anterior. No caso das primeiras, o deseño é polo normal moi simple, e de feito adoita quedar reducido á unha especie de pequena cruz que se remata por riba nun punto a modo de cabeza e, por abaixo, nun par de trazos en ángulo que debuxan as pernas; polo momento temos un único caso no que foron representados os xenitais masculinos, e o normal é que porten nas súas mans instrumentos que podemos identificar como azagaias ou arcos que exhiben de xeito ostentoso. Pola sua parte, nas escenas de equitación os seres humanos son debuxados na maior parte dos casos sen pernas –un fenómeno por certo amplamente xeralizado na arte primitiva– e cunha dobre liña de contorno; cunha das mans exhiben unha arma arreboladiza, namentras, coa outra agarran as bridas ou directamente a cabeza dun cabalo de larga e espesa cola.

Cando se trata de falar das figuras humanas dentro deste grupo de arte rupestre, un aspecto que temos que salientar tanto pola súa curiosidade como pola súa transcendencia é a distorsión que ocasiona con frecuencia a irrupción de figuras humanas nos paneis onde se representaron greas de cervos: o normal é que os animais aparezan ordeados segundo a dirección de marcha –a máis frecuente é de esquerda a dereita– nun aparente intento por plasmar a orde na-



Laxe das Picadas, Poio. Pontevedra. Calco.




Monte Peralta, Cangas do Morrazo. Pontevedra. Plano xeral.



Meadelo 1, Vilagarcía de Arousa. A Coruña. Plano xeral.

tural; e o caso é que esa orde natural tan só se ve alterada, descomposta, no lugar preciso onde fai acto de presenza o ser humano, que irrumpindo ocasiona un auténtico caos na manada. Toda unha metáfora, por certo.


Se temos en conta que as esceas nas que aparece a figura humana amosan por regra xeral unha marcada preferencia por ocupar superficies máis ou menos inclinadas e por elo relativamente ben visíbeis a certa distancia, deste detalle poderíamos deducir que mediante ese recurso os gravadores pretenderon facilitar a exhibición pública da obra, xusto o contrario do que víamos no caso da maior parte dos petroglifos de temática xeométrica. Polo tanto, poderemos sospeitar cunha certa seguridade que nestes casos concretos non se estaban a representar actividades de tipo cotián senon que máis ben estaríamos na presenza de escenas preñadas dunha certa compoñente mítica e ideolóxica. De estarmos



Laxe dos Cabalos 2, Campo Lameiro.

no certo, elo voltaría máis unha vez a sinalar a prol dunha organización social, a responsable dos gravados, complexa e claramente estruturada e xerarquizada.


Pola súa parte, uns cantos deseños que optamos por denominar asépticamente antropomorfos, ofrecen, como primeiro rasgo, unha moi considerable variabilidade estilística –non temos constancia de dúas iguais–. De tamaño moi destacado en comparación coas figuras humanas, son imaxes estranas no plano formal pero dotadas ao tempo dun acentuado antropomorfismo; nelas, máis que características estrictamente humanas é posible que teñamos que ver unha sorte de representacións sacralizadas relacionadas con divinidades ou potencias superiores. Algo en certo modo semellante podería suceder a respecto doutra serie de figuras de aparición, polo momento, moi limitada: as imaxes dese tipo de obxeto tan peculiar que a literatura arqueolóxica coñece co nome de “*ídolo-cilindro*” e que se supón vencellado directamente ao mundo de ultratumba polo reiterado da súa aparición en certos contextos funerarios dos primeiros tempos da metalurxia, por suposto sen que poidamos descartar ao tempo unha posible condición de elemento emblemático.



Mato das Cruces, Pontevedra. Calco.

E deste modo chegamos a un dos asuntos máis atractivos e que máis atención recibiu dos investigadores da arte rupestre galaica. As figuras de armas metálicas que foron gravadas nos nosos complexos rupestres forman unha temática do maior interese tanto polos datos cronolóxicos que aporta ao tema xeral –lembramos que estamos a falar de representacións máis ou menos exactas de modelos reais ben coñecidos no rexistro arqueolóxico e de datación razoablemente precisa– como polas súas grandes implicacións nos campos simbólico e ideolóxico. Deixando á parte certos deseños circulares e triangulares que adoitan aparecer na compañía de figuras de armas e que de seguro están a representar algun modelo de escudo feito con materiais orgánicos que impediron a súa conservación no rexistro –e, xa que logo, o seu coñecemento–, un par de xabariñas de punta metálica e certa cantidade de armas arboladas representadas sen tomar maior interese polo detallismo, o caso é que son as espadas curtas, os puñais e as alabardas a base fundamental da panoplia representada no foco de arte rupestre galaico. Documentadas xa nun número de complexos rupestres tan considerable como significativo –e que por certo vai crescendo paseniño–, estas figuras responden con toda claridade a modelos reais de cobre frecuentes nos contextos arqueolóxicos dos primeiros tempos da Metalurxia nesta zona xeográfica, datábeis polo tanto ao longo da segunda metade do III Milenio e primeira do II a.C.

Outro detalle do máis alto interese é comprobar que o elenco de armas metálicas representado nos gravados galaicos –polo xeral, como vimos xa no caso das figuras humanas, plasmado sobre superficies inclinadas e razoablemente visíbeis desde unha certa distancia–, semella, en ocasións, formar conxuntos semellantes á “panoplia”; estas representacións de lotes de armas en posición destacada se cadra pode que nos axude a poñer en evidencia parte das compoñentes simbólicas e ideolóxicas que sustentan á nosa arte rupestre: por unha banda, a exhibición e ostentación públicas de elementos de estatus social tan fortes e tan tradicionais como de seguro eran as armas metálicas nun tempo no que estes obxectos estarían ao alcance de moi poucos privilexiados, ao que podemos sumar, pola outra banda, a xa mencionada plasmación de actividades



Chan do Carbón 1, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.

non productivas pero sen lugar a dúbidas de grande prestixio social como pode ser o caso da caza maior. O que está claro é que ambas as dúas características introducen nesta arte unha clara compoñente de tipo social.

En resumidas contas, penso que xunto a esa coñecida pero complexísima temática xeométrica de forte carga simbólica e por elo de tan difícil –ou imposible– interpretación, tras das representacións de armas, de xinetes e de cacerías de cérvidos estaría agochada unha manifestación cultural en absoluto inocente, moi probablemente xerada e posta ao servizo do poder –e máis en concreto do poder masculino– por unha sociedade –a de certas comunidades campesiñas dos primeiros tempos da metalúrxia na área galaica aló polo Terceiro Milenio a.C.– en todo caso complexa e estruturada de forma desigual. Pero esta nosa interpretación non é a única, e a ela chegouse tras percorrer non poucos camiños.

Evidencias de contactos atlánticos

Pódese afirmar que máis ou menos xa dende que se produciron os primeiros descubrimentos, é dicir, aló polos finais do século XIX, non poucos autores caeron na conta das afinidades tan evidentes que manifestaban moitos dos petroglifos galaicos cos dos focos de arte rupestre das Illas Británicas, nomeadamente da Irlanda e da Escocia, que por entón comezaban a ser coñecidos. Como era de esperar, estas semellanzas foron máis pronto que tarde aproveitadas e magnificadas dende posicións políticas que viron nelas un apetitoso filón para facer acopio de argumentos para a defensa dunha antita comunidade cultural e mesmo racial –“céltica”– atlántica.

A realidade é que, malia o esforzo e o interese postos no empeño, as cousas aínda non están nada claras. É un feito obvio que entre os petroglifos de temática xeométrica británicos e galaicos existe unha tan clara como suxerente semellanza tanto no que atinxe ás formas en sí como aos tipos concretos de pedra elixidos para soporte ou como nos aspectos técnicos e mesmo espaciais. Seguramente as semellanzas non se quedarán unicamente neso e tamén afectarán



Coto da Braña 3, Cotobade. Pontevedra. Motivos xeométricos.


á cronoloxía e á organización social. Pero tal cousa non debería ser causa de demasiada sorpresa xa que as comunidades atlánticas da época na que nos movemos sabemos de certo que mantiñan claras relacións entre si, como teremos ocasión de comentar máis adiante, e que partían no seu desenrolo socioeconómico cando menos dun arcaico fondo común megalítico. Nada que non fose previsible. O realmente importante, se cadra, é que no caso galaico a temática xeométrica –a *atlántica*– aparece complementada coa naturalista –que por certo é totalmente descoñecida nas Illas– para conformar no seu conxunto un foco rupestre absolutamente peculiar.

Establecer paralelismos de cara á formulación de teorías difusionistas sempre foi un labor moi apetecido polos autores, e así, en non poucas publicacións podemos ver aos petroglifos galaicos compartindo relacións coa plástica minoica ou con focos de arte rupestre alpino e nórdico por máis que se observen desfases cronolóxicos evidentes. Sen falar das diferencias culturais. E non faremos mención excesiva de teorías máis ou menos insólitas nas que a nosa arte rupestre aparece en relación con focos canarios, sudafricanos..., incluso americanos, por absolutamente inconsistentes.

Hoxe, a investigación arqueolóxica analiza as evidentes relacións entre as artes rupestres galaica e británica, que como xa vimos afecta en exclusiva aos temas xeométricos, e abre un interesante campo co estudio das influencias que exerce a arte rupestre esquemática ibérica sobre as formas zoomorfas galaicas no territorio rupestre meridional, un fenómeno por outra banda bastante lóxico e esperable nunha zona de contacto. Ábrese neste punto un campo de investigación que de certo deparará en breve interesantes conclusións.

O territorio rupestre

Falando sempre en termos xerais e tendo en conta o que hoxe sabemos do tema –que pode experimentar certas alteracións a pouco que se amplíe a investigación–, a máxima expansión territorial do fenómeno rupestre galaico non parece sobrepasar unha área xeográfica moi específica que quedaría definida polo



Os Apañados, Pontevedra. Plano xeral.

Atlántico ao poñente, polo Cantábrico ao norte, e ao leste por unha liña teórica que enlazase en diagonal as desembocaduras dos ríos Eo e Mondego. É interesante constatar que estamos diante dun territorio dotado dunhas características xeomorfolóxicas, edafolóxicas e climáticas moi particulares, que terán exercido de seguro unha notable influencia sobre as comunidades humanas, condicionando en maior ou menor grao a súa forma de vida dende, cando menos, a implantación e desenrolo das primeiras sociedades campestres. Un territorio no que o fenómeno megalítico acadaba cotas de particularidade evidentes, no que nos tempos de esplendor da Idade do Bronce sucedía algo moi semellante e no que se desenrolará o máis clásico do fenómeno castrexo da Idade do Ferro. Un territorio histórico, xa que logo.

E xa dentro deste territorio concreto hai un aspecto que non semella deixar lugar a conxecturas: o núcleo central dos gravados galaicos, tanto se facemos a análise dende unha perspectiva cuantitativa como, sobre todo, no tema cualitativo, pode ser situado sen problema algún na cunca media do río Lézec –nomeadamente nos municipios de Campo Lameiro e Cotobade– cunha proxección clara cara ao litoral oceánico polas inmediacións das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. A partires desta zona nuclear os complexos rupestres vanse facendo, salvo moi contadas excepcións, cada vez menos numerosos e de temática máis pobre e repetitiva, escaseando as figuras naturalistas e descendendo de forma rechamante a calidade xeral dos gravados nun proceso que se revela moi rápido cara ao interior e ao norte, e moito máis lento cara ao sur, no que se detecta a influencia do contacto con focos de arte esquemática. Da constatación deste feito podemos deducir, cunha certa seguridade, que o fenómeno rupestre galaico é algo peculiar da área atlántica, e con moita preferencia, da zona das Rías Baixas.

Dentro deste territorio, se constatan algúns detalles. En principio, os temas geométricos aparecen ocupando a súa totalidade; mentres, os zoomorfos non superan polo de agora o ámbito directo das Rías Baixas, e as armas se distinguen polo espacio máis atlántico con intrusionés puntuais no interior.

A paisaxe rupestre

Aproximando o punto de vista e dende unha perspectiva xa máis próxima, vemos que a norma xeral é que os nosos complexos de arte rupestre manifesten na súa ubicación unha marcada preferencia polas altitudes medias e baixas e polos pequenos outeiros rochosos tan peculiares desta paisaxe granítica: son esas elevacións polo xeral de pequenas dimensións, con numerosos afloramentos rochosos e unha importante actividade dos axentes erosivos que aparecen emprazados case que sempre en medio de solos pobres hoxe cobertos de mato ou no mellor dos casos destiñadas á pastos, con puntos de auga nos arredores e ás veces incluso con zonas de braña nas inmediacións. Son en suma eses outeiros



Outeiro do Cribo, Meis. Pontevedra. Labirinto e zoomorfo.



Outeiro do Cribo, Meis. Pontevedra. Calco con detalle de cérvidos.




Laxe das Lebres, Poio. Pontevedra. Detalle do calco.

que teñen sido obxecto de explotación como suministradores de pedra para a construción dende tempo inmemorial. Nos terreos de encosta máis acusada, estes outeiros con petroglifos amosan unha clara tendencia por se ubicar no chamado “escalón tectónico”, un espacio que adoita percorrer as ladeiras das serras polo seu tercio superior.

Un outro detalle de non pouca trascendencia é que en certas zonas estudadas recentemente observouse con bastante claridade a relación espacial

que se establecía entre os complexos rupestres e os asentamentos das comunidades humanas da segunda metade do III milenio AC; é dicir, das comunidades que os datos arqueolóxico presentan como presuntas responsábeis da existencia do foco rupestre galaico. Os resultados desta liña de investigación evidencian unha ubicación dos outeiros con petroglifos nos límites dos teóricos “territorios de explotación preferente” dos acampamentos eventuais desas comunidades de campesiños de economía itinerante dos primeiros tempos da Metalurxia. Así pois, e como xa adiantabamos máis arriba, estamos diante dunha proba máis que apunta a considerar a relación directa entre os gravados do Grupo Galaico e os asentamentos humanos desta época concreta, algo que parece hoxe por hoxe incuestionable –e pouco cuestionado– e que supón un dos maiores avances da investigación neste eido.

Seguimos a aproximar o noso punto de vista. Así, cando chegamos por fin ao outeiro con petroglifos, salta á vista un primeiro detalle verdadeiramente rechamante: a dicir verdade, poucas veces son os penedos que nos parecen os máis axeitados –cando menos e por suposto dende a noso criterio actual– os que presentan gravados; aínda diremos máis: en demasiadas ocasións as rochas elixidas para os debuxos son as de superficie relativamente horizontal e a ras de chan, dende logo moi pouco ou nada visíbeis a certa distancia e hoxe máis ou menos cobertas polos sedimentos naturais, polo omnipresente cascallo das labores de canteiría, e ocultas pola vexetación. Se a todo elo engadimos a mesma posición das rochas gravadas dentro do outeiro, podemos deducir que o máis razoable é batallar a posibilidade de que unha parte moi significativa dos nosos petroglifos non fora concibida para ser vista dende a distancia, para destacar na paisaxe; é dicir, que nestes casos os petroglifos así caracterizados pode que respostaran máis a un “interese” privado que colectivo: en xeral, estes gravados non se farían pois para que a comunidade en xeral poidera velos cunha mínima facilidade. Pero como xa adiantabamos máis arriba, afastaríanse desta norma xeral certos petroglifos –sobre todo de temática naturalista– que, por ocupar lugares preferentes sobre superficies máis ou menos inclinadas, si parece que



Os Ballotes 1, Villagarcía de Arousa. A Coruña. Detalle do Calco.

foron ideados para poder ser distinguidos á unha certa distancia. Coido que esta dualidade non debe ser en absoluto pasada por alto, xa que podería facernos sospeitar a existencia na arte rupestre galaica de dúas diferentes, digamos, “linguaxes”: unha linguaxe maioritaria de corte ou condición privado ou restrinxido, e outra, tal parece que moi minoritaria, que estaría destiñada á contemplación da comunidade en xeral; pero todo elo, ao marxe doutras consideracións, o que si permite é poñermonos na pista dunha sociedade bastante desenvolta e complexa no seu mundo intelectual.

A cuestión cronolóxica

Parece bastante obvio dicir que calquera intento serio que se poña por abordar o estudio dun fenómeno tan complexo como o representado polos gravados rupestres galaicos e que supere a mera descripción debe partir da súa contextualización máis axeitada. E para lograr tal cousa un paso imprescindible é chegar a definir cun aceptable grao de precisión o marco temporal no que nos andamos a mover.

Xa tivemos ocasión de mencionar como foi a finais do século XIX cando os gravados rupestres galaicos comezaron a aparecer dun xeito progresivo nas publicacións de carácter histórico, e como o foi da man principalmente de autores integrados nas correntes historiográficas romántica e post-romántica. Naturalmente, nestes primeiros tempos de toma de contacto co fenómeno, a ubicación cronolóxica que se fixo do tema foi moi desigual, e así os petroglifos galaicos foron atribuídos tanto aos celtas como aos gregos, aos fenicios..., sempre e en cada caso de acordo coa posición ideolóxica e a formación de cada autor. Algúns anos máis tarde, xa a comezos do século XX, o relativo desenrolo que estaban a experimentar os estudos históricos, sumado á forte ampliación do rexistro de complexos rupestres, pusieron as bases necesarias para a introducción de certas precisións, vinculándose entón pouco a pouco os petroglifos aos tempos do Neolítico ou xa aos das diferentes idades dos metais.

Pasan os anos. Estamos convencidos de que a maioría de idade nos estudos dos nosos gravados rupestres debeu de correr en paralelo coa intensificación das prospeccións e coa, sempre relativa, modernización dos métodos de investigación arqueolóxica en Galicia no decurso do primeiro tercio do século XX. Algúns autores –sobre todo os vencellados ao *Seminario de Estudos Galegos* e á *Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra*– serán os encargados de poñer as bases dunha contextualización máis axeitada do fenómeno, que en liñas xerais encadrarán dentro dunha ampla etapa que abren entre o Megalitismo Final e o proceso romanizador –ou, o que é o mesmo e para entendernos, durante o que



As Abelaires 1, Cangas do Morrazo. Pontevedra. Plano xenal do calco.


serían as Idades do Bronce e do Ferro—. Ao tempo, buscaranse as orixes remotas dos petroglifos nas áreas de influencia mediterránea, aplicando léxicamente para elo as teorías evolucionistas e difusionistas tan populares por aqueles tempos. A figura paradigmática desta fase será Ramón Sobrino Buhigas, e a súa hipótese cronolóxica será seguida anos máis adiante polo seu fillo, Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, anque a penas de forma matizada.

O amplo período de esterilidade derivado da Guerra Civil, no que se incrementou o rexistro de estacións rupestres pero pouco ou nada se logrou avanzar nos aspectos cronolóxicos e moitísimo menos nos teóricos, desembocará coa apertura a finais da década dos sesenta dunha etapa de certo confucionismo derivado da gran difusión internacional e do impacto causado entre os investigadores galegos pola obra do italiano E.Anati, na que propón un ciclo rupestre un tanto artificioso e de máis de cinco milenios de duración, un ciclo que tería o seu inicio nun período epipaleolítico non documentado con seguridade en Galicia e desaparecería coa romanización.


A perspectiva actual no tocante á cronoloxía dos grabados galaicos é en boa medida herdeira da investigación teórica e de campo desenrolada na segunda metade da década dos setenta. Así, na edición en 1979 do coñecido libro de Peña Santos e Vázquez Varela faise unha fonda revisión do fenómeno rupestre,



Rio Loureiro 1, Cangas do Morrazo. Pontevedra. Calco.



As Coutadas, Cotobade. Pontevedra. Plano xeral do calco.




Tras as Rasas, Cotobade. Pontevedra. Calco

postulando para o mesmo unha datación coincidente a grandes rasgos coa Idade do Bronce; é dicir: os primeiros petroglifos xurdirían nesta terra ao tempo que desaparecía o fenómeno megalítico, e os últimos coincidirían xa coa fase formativa do mundo castrexo.

Malia non poucos atrancos iniciais, a teoría pronto foi aceptada, e o caso é que hoxe en día a práctica totalidade dos autores que traballan no tema coinciden na ubicación dos nosos gravados dentro da Idade do Bronce. Agora ben, algúns pensamos que esa datación, que era ben aceptable cando foi formulada en función da información coñecida daquela, hoxe é demasiado ampla e xenérica para que sexa factible unha debida comprensión do fenómeno tendo en conta as transformacións sociais e económicas que a moderna investigación arqueolóxica está a detectar a cotío no decurso da Idade do Bronce. Nesta orde



O Soutiño 1, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.



O Xubiño 2-3, Poio, Pontevedra. Calco.

de cousas, logo dunha análise polo miúdo dos datos arqueolóxicos chegamos a unha maior precisión: na nosa opinión, este foco de arte rupestre xordiría nas últimas fases do desenrolo de determinadas comunidades campestres do Megalítismo, sempre en relación directa coas transformacións sociais e económicas parellas á aparición dos primeiros obxectos de metal, e perviviría durante os primeiros tempos da Idade do Bronce, desaparecendo con case total seguridade nos conflictivos e controvertidos tempos da etapa de plenitude desta Idade. Os gravados rupestres galaicos serían, pois, produto dalgunhas das comunidades humanas asentadas no noso territorio durante a segunda metade do III milenio AC e, se cadra, dos inicios do II; é dicir: máis en concreto o período coincidente co desenrolo inicial da Metalurxia.

Esta hipótese cronolóxica non é froito da casualidade nen da intuición; antes ben, chegouse a ela por tres vieiros principais. O primeiro, cando se constataron non poucas relacións formais, técnicas e conceptuais entre a arte parietal megalítica desta zona xeográfica e determinados complexos de gravados galaicos, sen esquecer a cada vez máis numerosa presenza de restos de petroglifos reaproveitados en construcións tumulares. O segundo dos camiños é se cadra o máis flagrante: cando caemos na conta de que as únicas figuras dos nosos



Pedra Grande de Montecelo, Poio. Pontevedra. Calco.

petroglifos que podemos datar cunha mínima precisión por estar representando modelos de obxectos coñecidos no rexistro arqueolóxico –en xeral, as armas–, son en todos os casos coñecidos imaxes de obxectos propios dos momentos iniciais da Metalurxia. O terceiro, cando comprobamos que nas áreas xeográficas onde se poideron estudar os complexos rupestres dende unha perspectiva territorial resulta que se constata unha evidente relación entre a súa ubicación e a dos lugares de asentamento das comunidades campesiñas da primeira Metalurxia. Tres patas para unha mesma mesa.

En resumidas contas, vemos que máis aló das especulacións gratuitas, todos os indicios racionais que ofrece a investigación arqueolóxica coinciden na ubicación temporal dos gravados galaicos ao longo da segunda metade do III milenio e se cadra nos inicios do II a.C. ao tempo que se estaban a introducir os primeiros obxectos de metal –cobre, ouro, prata– no mercado e se producían as primeiras actividades metalúrxicas. O tema en si ten unha certa trascendencia, posto que a definición dun ciclo corto para o desenrolo do Grupo Galaico de arte rupestre permite integrar o fenómeno dentro dun contexto histórico específico, e iso é algo que facilita non pouco o labor á hora de tirar os datos necesarios para comprendermos, entre outras moitas cosas, cómo tras a aparente “inocencia estética” desta manifestación cultural latexa unha sociedade en claro proceso de desenrolo, unha sociedade aberta e estruturada de forma cada vez máis desigual: o modelo social dos inicios da Metalurxia.

Os autores dos gravados

Chegados a este punto, que sabemos dos tempos nos que temos situado o desenrolo do Grupo Galaico de arte rupestre?. Que papel xogaba o territorio galaico nos primeiros tempos da Metalurxia?. Fai un cuarto de século á penas sabiamos nada ao respecto máis aló de constatar o uso por entón das coñecidas cerámicas campaniformes e de artefactos moi concretos de cobre e xoias de ouro e de prata; hoxe, por fortuna para a investigación, estamos en condicións de entrar en certos detalles.




Pozo Ventura, Poio. Pontevedra. Motivos xeométricos.



Pedra Redonda 1, Cotobade. Pontevedra. Calco.


Todos os resultados que ofrece a investigación arqueolóxica parecen coincidir en sinalar o proceso de transformación socioeconómica que, en maior ou menor grao, foron experimentado ao longo do terceiro milenio AC as comunidades campesiñas de tradición neolítica asentadas no territorio galaico. O elemento vertebrador dos cambios parece que sería o crecemento económico derivado da introducción de milloras nos sistemas de explotación do medio natural, como era de esperar habida conta de que estamos a falar de sociedades de base económica campesiña. As innovacións nos apeiros agrícolas que se detectan incluírían con toda probabilidade a introducción por entón dun primitivo modelo de arado de tracción animal e o emprego de sistemas aínda rudimentarios de barbeito e estecado; estas milloras farían posible en última instancia a ocupación e explotación das terras baixas, dos fondos dos vales, deses terreos de moita maior potencialidade agrícola ca dos planaltos explotados ata entón pero de labor máis dificultoso polo pesado dos seus solos, daí que supoñamos



Rio Anqueira 1, Teo. A Coruña. Calco.

a existencia de arados anque polo momento non deixaran rastro no rexistro arqueolóxico. A xeración de excedentes agrícolas, o incremento da riqueza no máis amplo sentido da palabra, e a alza demográfica emparellada a esta maior disposición de recursos económicos, de seguro que levarían consigo o inevitable reforzamento da complexidade social e o inicio dun certo proceso de sedentarización das comunidades campesiñas.

Os modelos de emplazamento que presentan os asentamentos humanos desta fase coñecidos hoxe –por regra xeral pequenos acampamentos agrícolas de cabanas de materiais orgánicos perecedeiros– falan ben ás claras da lenta implantación destas transformacións: mentres uns parece que siguen a explotar os mesmos territorios que os seus devanceiros neolíticos –os planaltos das serras, de solos lixeiros e fáciles de traballar co emprego dunha tecnoloxía agrícola




Agro das Calzadas, Guitiriz. Motivos xeométricos.

simple de sacho axudada por rozas ou estivadas, pero de escasos rendementos agrarios—, outros ocupan xa nichos ecolóxicos tan diversos como poden ser os terreos ubicados nas encostas das serras, nos fondos dos vales ou xa na mesma liña de costa. Esta ampliación dos espacios económicos non parece que fose algo mínimamente posible de non ir acompañada da adopción dunhas novidades tecnolóxicas que permitisen a explotación de medios naturais tan diversos; precisamente, nesta orde de cousas a investigación actual é razoablemente acorde cando fala da chegada dende o sur —é dicir: do Mediterráneo directa ou indirectamente— dos coñecementos e dos estímulos que conformarían a base necesaria para o desenrolo socioeconómico das comunidades galaicas.


Pódese constatar tamén unha certa mudanza nas manifestacións funerarias en paralelo á esta intensificación agraria, ao incremento xeral da riqueza e ao crecemento demográfico. Xunto a aquelas vellas formas monumentais típicamente megalíticas destaca a progresiva presenza dun maior polimorfismo arquitectónico e de estruturas tumulares carentes, se cadra, de cámara funeraria

definida; pero ao lado destas últimas testemuñas das formas tradicionais de enterramento asistimos ao progresivo abandono do arcaico ritual funerario megalítico de tipo colectivo en favor de enterramentos individuais acompañados ocasionalmente por enxovais funerarios moito máis ricos.

Estas formas de enterramento que aparecen agora son interpretadas como o resultado máis evidente da emerxencia ou medre, no interior das antigas comunidades campestres galaicas, dunha nova clase social de persoeiros de maior rango e poder. As diferencias cos modelos funerarios tradicionais son evidentes: caixas rectangulares de pedras –coñecidas co nome de *cistas*–, de reducidas dimensións en comparación coas cámaras megalíticas, e nas que o normal é que se inhumase un único cadáver a diferenza dos enterramentos presuntamen-



Monte Cruxeiro 2, Poio. Pontevedra. Plano xeral.



Pedra Escrita, Oia. Pontevedra. Gravuras prehistóricas e motivos modernos.



O Xubiño 13, Poio. Pontevedra. Calca.

te colectivos anteriores. En ocasións, as paredes interiores destas cistas aparecen cobertas con gravados de temática xeométrica moi semellantes aos da arte megalítica pero sensiblemente diferentes dos gravados ao ar libre como corresponde a unha funcionalidade asimesmo diferente. Tamén, o rexistro arqueolóxico constata a aparición de xeito ocasional no interior destas cistas de enxovais funerarios cualitativamente moi superiores en riqueza aos propios do Megalitismo: armas de cobre e xoias de prata e ouro que poden ser síntomas claros do elevado estatus e a privilexiada posición social de que gozaban en vida os persoeiros sepultados nas cistas, uns individuos que cando menos de seguro que tiñan acceso a produtos de carácter excepcional.

Entón, parece bastante sensato supor que a aparición destes novos modelos funerarios nos que semella primar a individualidade, engadido á riqueza que deixan traducir as ofrendas que os acompañan, estanos a falar da existencia dun marcado proceso de desenvolvemento da complexidade social na organización das comunidades campeñas galaicas destes momentos. Aquela suposta relativa igualdade so-




*Portela da Laxe, Cotobade. Pontevedra.
Plano xeral.*



Monte dos Vilares, Valga. Pontevedra. Aspecto parcial.

cial das comunidades neolíticas do pleno Megalitismo, de ser certa, tería entrado nestes momentos en crise, de forma que no seu seo comezarían a aparecer individuos que concentrarían nas súas mans non pouco poder e que andando o tempo conducirían á sociedade a un modelo de organización baseado na desigualdade. Estas elites, clases ou como queiramos chamalas, estarían integradas por persoaxes de elevado rango, cun poder sobre a sociedade que emanaría sobre todo do acceso ao coñecemento ritual e esotérico, do control dos medios de produción, e da acaparáción da maior parte da riqueza xerada polo proceso de desenrolo agraria.

Coa chegada e posterior produción dos primeiros obxectos de metal no territorio galaico parece estar ligada en boa medida esta nova realidade social.



Monte dos Vilares, Valga. Pontevedra. Plano xeral.




Leiro, Rianxo. A Coruña. Armas e motivos xeométricos.

A maior parte das manufacturas de cobre é seguro que tiña nestes momentos un valor bastante máis emblemático que práctico, xa que á duras penas ofrecerían milloras funcionais fronte ao instrumental tradicional de pedra, que por certo seguirá a ser empregado con profusión. Machadas planas, puntas de dardo, puñais, alabardas..., polo seu dificultoso acceso e elevado custo tan só estarían á disposición de persoeiros de alto rango e por suposto de ampla capacidade adquisitiva, e eses persoeiros o lóxico é que se serviran da ostentación pública duns obxectos tan novidosos e exclusivos para manifestar e reafirmar o privilexiado da súa posición social. Se iso é algo que podemos afirmar con razoable seguridade no tocante en concreto ás pezas de cobre, a cousa é moito máis evi-

dente cando falamos das primeiras xoias de ouro e prata que se documentan no rexistro arqueolóxico galaico, elementos sen dúbida destiñados, sexa directa ou indirectamente, ao consumo das elites; a tal respecto, acumulacións de riqueza tan fóra do común como a que representa o famosísimo tesouro de Caldas de Reis, ou, en menor grao, o de Agolada, non parecen fáciles de ser entendidas de non integralas nun marco social complexo, un ambiente no que un sector minoritario da masa social sería quen de amorear e facer ostentación da súa riqueza para lexitimar e asentar con elo o seu poder.

Ese dinamismo socioeconómico acadado polas comunidades campeñas galaicas na segunda metade do terceiro milenio AC tería unha referencia puntual na apertura das primeiras relacións atlánticas de intercambio, cando menos as primeiras das que temos unha confirmación arqueolóxica segura. A identidade formal e técnica de boa parte dos elementos materiais descubertos pola investigación arqueolóxica a todo o longo da fachada atlántica europea é verdadeiramente rechamante, e o máis probable é que esté ponendo de manifesto a existencia dunhas relacións intercomunitarias relativamente ben asentadas. A presenza de certos obxectos semellantes, nomeadamente os de maior carga simbólica, podería ser interpretada como proba da existencia de agasallos políticos entre elites. Os minerais de cobre e ouro galaicos parece ser que chegaban por aquelas datas ata algúns mercados bretóns e británicos. Polas embrionarias rutas marítimas –rutas que se cadra con total certeza estarían nas mans de mariñeiros de filiación mediterránea se temos en consideración tanto a lóxica máis elemental como as características técnicas e iconográficas do navío gravado no extraordinario petroglifo de *Auga dos Cebros* en Oia– circularían e se intercambiarían tanto materias primas como manufacturas de consumo e bens de prestixio social; pero xunto coas mercadorías viaxarían e se intercambiarían tamén cousas moito máis importantes: as ideas, o coñecemento.

É dicir, que temos os nosos petroglifos bastante ben ubicados nun contexto socioeconómico que se presenta en franca ebulición, nunha fase de apertura ao exterior e de contactos á longa distancia na que se estaría producindo o



O Ramallal 15, Campo Lameiro. Pontevedra. Gravuras de armas e motivos históricos.

paso dende unha organización social de corte tradicional, relativamente igualitaria, ata un modelo ben distinto no que se manifestaría unha clara tendencia de cara á xerarquización e estratificación social. Nestes tempos de mudanza son nos que na nosa opinión se desenrolaría a manifestación cultural máis sobranceira, polo seu carácter peculiar, das coñecidas na área galaica ao longo da antigüidade: o Grupo Galaico de arte rupestre. Sabendo isto, é agora cando podemos avanzar e intentar buscarlle un senso, unha función, o porqué do fenómeno.

A gran pregunta: o significado

Unha simple análise superficial do repertorio figurativo dos nosos gravados pode levarnos a considerar que é na temática de tipo xeométrico onde, de entrada, podemos atopar unha maior carga simbólica. A interpretación do significado ou significados dese grande bloque figurativo integrado polos puntos, as combinacións de círculos concéntricos, as espirais, os labirintos, os cadrados..., de todo ese amplísimo repertorio iconográfico que non podemos referir con seguridade a cousas concretas, sen dúbida precisaría para a súa realización material e o seu posterior “uso” do coñecemento das claves ocultas, un coñecemento ao que se chegaría logo dun proceso de aprendizaxe que, con bastante probabilidade, estaría reservado tan só a certos elementos moi concretos da comunidade. Baixo esa teimuda reiteración dos innumerábeis temas xeométricos sobre os paneis gravados subxacería todo un complexo mundo de crenzas, de símbolos, que soio pode ser produto dunha sociedade cun considerable desenvolvemento intelectual.

Hai figuras moi concretas que semellan dotadas dun simbolismo particular. Este detalle é bastante claro a respecto dos cérvidos, uns animais que, como xa vimos con anterioridade, parecen pouco menos que omnipresentes nos gravados galaicos de tipo naturalista. A súa presenza tan abrumadoramente maioritaria en contraste coa aparición pouco menos que testemuñal doutras especies zoolóxicas –varios cabalos e unhas poucas serpes–, a plasmación frecuente de escenas de comportamento natural que evidencian unha aguda percepción da realidade e non pouca familiaridade co tema polos autores dos gravados, o significativo número de veces en que a composición das escenas con cervos indican que o “autor” non estaba a representar a Natureza tal e coma é senón tal e coma él desexaría que fose, os numerosos casos de cervos que aparecen no acto de seren cazados, feridos ou incluso “cabalgados”, a constatación da existencia dunha relación clara e directa entre as figuras de cervos e o repertorio xeométrico –cervos xunguidos a ou no interior de círculos ou espirais, cervos circundando agrupacións de figuras xeométricas, etc.–, parecen transmitir a idea dunha segunda consideración dos cervos como animais de forte carga simbólica.




Penedo de Vilar de Matos, Pontevedra. Plano xeral.

Este simbolismo é bastante máis evidente no caso das figuras de seres humanos e das escenas nas que interveñen nos nosos gravados. Deixando a parte certos deseños máis ou menos “antropomorfos” que, coma xa mencionabamos máis arriba, poderían seren entendidos coma representacións sacralizadas, é importante sinalar que cando observamos ás figuras humanas, estas aparecen representadas en actitudes que, en boa lóxica, temos que catalogar como de prestixio social: a caza maior, a equitación e a exhibición de armas metálicas. Non se coñecen polo de agora escenas que remitan a actividades de tipo corrente e habitual como podería ser o caso dos labores agrícolas, gandeiros, etc. De modo que todo apunta a considerar que non se trata de imaxes de xente vulgar e corrente senón, antes pola contra, de individuos de elevada posición social; non serían xinetes correntes nin cacerías normais senón actos e actores fora do común, mitificados e sacralizados, o que nos leva, de novo, á percepción de estarmos diante dun modelo social complexo, claramente evolucionado e estratificado.

Esta impresión vese reforzada cando nos adentramos na análise das figuras de armamento metálico que aparecen representadas nos nosos gravados. Xa sabemos que os modelos son moi concretos –puñais, alabardas e escudos, anque estes últimos serían de materias orgánicas– e se constata a ausencia doutros tipos de arma con función utilitaria aparelada –os machados, por exemplo–. Son sempre armas de claras connotacións sociais, elementos de prestixio empregados para transmitir á comunidade o estatus do seu dono. A este respecto, é ben coñecido o valor simbólico da espada nas máis variadas culturas ao longo dos tempos; no caso das alabardas debeu de suceder algo semellante pero por pouco tempo, tan só nos escasos séculos nos que foron usadas; por último, qué dicir verbo da relación entre o escudo e a simboloxía do poder. Xa que logo, nas figuras de armas dos nosos petroglifos podemos atopar unha boa parte do mundo ideolóxico de carácter secular nos primeiros tempos da Metalurxia, que volve, unha vez máis, a transmitirnos a impresión dunha sociedade estruturada de forma desigual.

E por se todo o dito non fose suficiente, volvamos a vista atrás e lembremos cando falabamos da tendencia da temática xeométrica por apareceren




Primadorno 1, Silleda. Pontevedra. Calco.

representada sobre superficies a ras de chan pouco ou nada visíbeis na distancia, e cómo, por contra, a figura humana e as armas manifestaban unha clara predilección polas superficies inclinadas –en ocasións fortemente inclinadas– desatacadas do terreo inmediato e bastante ben visíbeis a certa distancia. Esta dualidade nos permite considerar que no repertorio temático dos nosos petroglifos convivirían dúas tendencias das que podemos tirar certas consideracións de índole social.


E ambas as dúas tendencias poderían estar en relación coa existencia, dentro dun universo simbólico xeral de certa unidade, de dúas formas de “linguaxe” diferentes pero complementarias.

Unha distas “linguaxes”, a máis representada, poderíamos definila como *privada* ou *pechada*. Sería a propia da maioritaria temática xeométrica gravada sobre paneis máis ou menos horizontais e pouco ou nada destacados do terreo inmediato, ata o punto de apareceren moitas veces cobertos por sedimentos dos



Poza da Lagoa 2, Redondela. Pontevedra. Plano xeral.

axentes erosivos e polos restos dos frecuentes traballos de canteiría. Estamos a falar de todos os deseños xeométricos e dunha boa parte dos zoomorfos; é dicir, do repertorio figurativo máis habitual e abundante, o máis característico deste foco de arte rupestre. Esta “linguaxe” podería ser o reflexo dun ritual simbólico-relixioso de ámeto restrinxido, dado que á pouca ou nula visibilidade dos paneis vense a sumar o marcado simbolismo da temática xeométrica, que faría imprescindible para a súa correcta interpretación e transmisión un aprendizaxe no que, á vista do que vimos falando, a maior parte da comunidade ficaría marxinada. Estamos a pensar, xa que logo, en individuos moi concretos dentro da comunidade, uns individuos que, por dispor das claves simbólicas, estarían facultados para desenvolver o ritual e facer de intermediarios entre as potencias do Máis Aló e os humanos, o que de seguro podería conferirlles non pouco poder espiritual e, se cadra, material. De feito, unha das líneas que segue a investigación actual trata de entender a función dos petroglifos galaicos tomando como referencia a información coñecida sobre a arte de certas sociedades xamánicas; básicamen-



Auga dos Cebros, Oia. Pontevedra. Detalle.

te, nelas, o xamán, en estado de trance logo de consumir certos estupefacientes, transita entre este e outros mundos paralelos nuha viaxe sobrenatural, e posteriormente plasma de forma gráfica as súas visións no lugar no que se atopa a “porta” de acceso aos outros mundos.


Se, como xa vimos, a maior parte dos nosos petroglifos semella que non debeu de ser concibida para seren vista con facilidade, a norma non é absoluta. Anque minoritaria, non por elo deixa de ser enormemente significativo ver de qué forma esa “invisibilidade” se rompe ás veces e, sobre todo, comprobar en qué casos concretos se rompe.

Fronte á frecuente “linguaxe” que denominamos *privada* ou *pechada*, distinguimos con total claridade a presenza dunha outra “linguaxe” radicalmente diferente baseada nunha temática concreta e que podemos entender como *aberta*. Estamos a falar dos gravados que aparecen sobre superficies inclinadas dabondo coma para destacar no terreo inmediato; é dicir, que agora estamos diante de petroglifos claramente concebidos para seren vistos a unha certa dis-

tancia. Agora, xunto a algún expoñente da temática xeométrica e dos zoomorfos, atopamos un repertorio figurativo que podemos case sempre identificar. A presenza sobre estes paneis visíbeis das figuras humanas cazando, cabalgando ou exhibindo armas, e das representacións de armamento; é dicir, da temática que máis arriba consideramos coma de alto estatus social e allea ás actividades máis cotiás da comunidade, non parece senon que está reflectindo a existencia dunhas elites que seguramente se servirían destes gravados para manifestar e reafirmar o seu poder material.


Polo tanto, todo o comentado ata agora semella indicar que a arte rupestre galaica está moi lonxe de constituir unha mera e inocente manifestación estética por máis que os seus valores plásticos sexan evidentes. Nos nosos gravados subxace unha fortísima compoñente ideolóxica que é ao tempo un fiel reflexo da existencia dun mundo espiritual relativamente complexo no que por forza xogarían un papel de relevancia certos individuos destacados que detentarían un maior ou menor grao de poder espiritual e material por estar en posesión das claves para interpretar o universo simbólico dos gravados e poder por elo entrar en contacto coas potencias superiores e exercer coma intermediarios dos humanos. Por outro lado, parece tamén evidente a existencia dunha outra caste de élite social, neste caso pode que de natureza "política", que reafirmaría o seu poder material coa plasmación propagandística sobre superficies ben visíbeis de certas actividades de considerable prestixio social coma poden ser a caza maior, a equitación e a exhibición de valiosas armas de metal, rasgos todos eles que apuntan tamén cara á preeminencia do mundo do varón na sociedade da época.

En suma, que todos os datos analisados poden ser considerados coma indicios racionais que nos van permitir albiscar, mediante un fenómeno ben complexo e dotado de fortes compoñentes simbólicas e ideolóxicas como parece ser o caso dos petroglifos do Grupo Galaico, a existencia dunha sociedade de campesiños en pleno proceso de desenvolvemento e de estratificación social. A información neste senso ven a coincidir punto por punto, polo tanto, co mo-



Detalle da Laxe das Lebres, Poio. Pontevedra. detalle do calco.

delo que se desprende das análises arqueolóxicas sobre os tempos da transición entre o IIIº e o IIº milenios aC na área galaica. Polo tanto, cabería dicir que os nosos gravados fican agora bastante lonxe de cando eran entendidos coma unha mera e inocente produción estética; antes ben, sen deixarmos de considerar os seus indudábeis valores plásticos, hoxe por hoxe debemos entendelos coma produto dun modelo complexo de organización social dividida e estruturada en forma desigual, coma un discurso lexitimador da orde social de certas comunidades campesinas asentadas neste territorio nos tempos de reactivación económica e de apertura ao exterior dos primeiros tempos da Metalurxia. E, claro está, como un dos máis fortes sinais de identidade do mundo galaico.



Castro Castriño, Conxo. A Coruña. Detalle de escudo.

Bibliografía

- ANATI, E. (1968): *Arte rupestre nelle regioni occidentali della Penisola Iberica*. Brescia, "Arquivi di Arte Prehistórica", 1968.
- BELLO DIÉGUEZ, J.M^a. e PEÑA SANTOS, A. de la (1995): *Galicia na Prehistoria*. Vol.I da "Historia de Galicia" de Vía Láctea. A Coruña, 1995.
- BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1995): "Rock art and the prehistoric landscape of Galicia". *Proceedings of the Prehistoric Society*, 61. Londres, 1995, pp.341-370.
- BRADLEY, R. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1999): "Arte rupestre e sociedade". *Historia da arte galega*, I, nº4. Vigo, A Nosa Terra, 1999, pp.49-64.
- COSTAS GOBERNA, F.J. (1985): *Petroglifos del litoral Sur de la Ría de Vigo*. "Publicaciones del Museo Municipal Quiñones de León (Castrelos) Vigo", 8. Vigo, 1985.

- COSTAS GOBERNA, J.; FÁBREGAS VALCARCE, R. e PEÑA SANTOS, A. de la (2000): "Arte rupestre preistorica della Galizia. Storia, tematica e contesto/Arte rupestre prehistórico de Galicia. Historiografía, temática y contexto". En D.Seglie (Coord.): *De petroglyphis Gallaeciae. Arte rupestre, archeologia e paesaggio - Galizia, Spagna*. Pinerolo, Centro Studi e Museo d'Arte Preistorica, 2000, pp.20-47.
- COSTAS GOBERNA, F.J. e HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1996): (Coords.): *Los motivos geométricos en los grabados rupestres prehistóricos del continente europeo*. Arqueología Divulgativa, 2. Vigo, Asociación Arqueológica Viguesa, 1996.
- (1997): (Coords.): *Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos del continente europeo*. Arqueología Divulgativa, 3. Vigo, Asociación Arqueológica Viguesa, 1997.
- (1998): (Coords.): *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. "Arqueología Divulgativa", 4. Vigo, Asociación Arqueológica Viguesa, 1998.
- COSTAS GOBERNA, F.J. e NOVOA ÁLVAREZ, P. (1993): *Los grabados rupestres de Galicia*. "Monografías", 6. A Coruña, Museo Arqueolóxico e Histórico, 1993.
- COSTAS GOBERNA, F.J. e PEÑA SANTOS, A. de la (2002): *A fauna e o ser humano na Prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres*. A Guarda, "Monografías da Asociación Naturalista Baixo Miño", 13, 2002.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; PEÑA SANTOS, A.de la e REY GARCÍA, J.M. (1994): *El arte rupestre en Campo Lameiro*. Pontevedra, Xunta de Galicia, 1994.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (2001): *Los petroglifos y su contexto: un ejemplo de la Galicia meridional*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2001.

- FERRO COUSELO, J. (1952): *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. Ourense, Museo Arqueológico, 1952.
- GARCÍA ALÉN, A. e PEÑA SANTOS, A. de la (1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980.
- GUITIÁN CASTROMIL, J. e GUITIÁN RIVERA, X. (2001): *Arte rupestre do Barbanza*. Noia, Toxosoutos, 2001.
- MARIÑO del RÍO, M. (2000): *Os petroglifos de Porto do Son*. Porto do Son, Concello, 2000.
- OBERMAIER, H. (1923): "Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, VII. Ourense, 1923, pp.1-21 y 25-47.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1999): "Os gravados rupestres galaicos". *Historia da arte galega*, I, nº5. Vigo, A Nosa Terra, 1999, pp.65-80.
- (1999,a): *Os petroglifos galegos*. Vigo, A Nosta Terra, 1999.
- (2003): *Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización*. Vigo, A Nosa Terra, 2003.
- PEÑA SANTOS, A. de la e REY GARCÍA, J.M. (2001): *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Vía Láctea, 2001.
- PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1979): *Los petroglifos gallegos*. "Cuadernos del Seminario de Sargadelos", 30. A Coruña/Sada, O Castro, 1979. Reedición en 1992.
- SEGLIE, D. (2000) (Coord.): *De petrogliphis Gallaeciae. Arte rupestre, archeologia e paessaggio-Galizia, Spagna*. Pinerolo, Centro Studi e Museo d'Arte Preistorica, 2000.

- SOBRINO BUHIGAS, R. (1935): *Corpus petrolyphorum gallaeciae*. Compostela, Seminario d'Estudos Galegos, 1935.
- SOBRINO LORENZO-RUZA, R. (1955): "Datos para el estudio de los petroglifos de tipo atlántico". *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología (Galicia 1953)*. Zaragoza, 1955, pp.223-260.
- VÁZQUEZ ROZAS, R. (1997): *Petroglifos de las Rías Baixas gallegas. Análisis artístico de un arte prehistórico*. Vigo, Deputación Provincial de Pontevedra, 1997.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1990): *Os petroglifos de Galicia*. Biblioteca de Divulgación. Serie Galicia, 3. Santiago de Compostela, Universidade, 1990.
- (1993): "Los petroglifos". *Galicia-Arte*, IX. A Coruña, Hércules, 1993, pp.107-157.
- (1995): *Antepasados, guerreros y visiones. Análisis antropológico del Arte Prehistórico de Galicia*. Pontevedra, Deputación Provincial, 1995.

ROTEIRO DE PETROGLIFOS DE GALICIA

Antonio de la Peña Santos
Fernando Javier Costas Goberna

Os petroglifos prehistóricos galegos constituen o que coñecemos como Grupo Galaico de Arte Rupestre Prehistórico, do Noroeste da península Ibérica. A súa distribución polo territorio presenta particularidades interesantes. Así podemos constatar unha alta concentración nas terras da costa, preferentemente en torno as Rías Baixas, dónde atopamos a presenza xunto cos característicos motivos xeométricos (coviñas, espirais, labirintos, cuadrangulares...), as representacións de armas (alabardas, puñais, escutiformes), antropomorfos e figuras zoomorfas, preferentemente cervos con presenza tamén de équidos.

Nas terras do interior, o número de gravados é máis escaso, desaparecendo as representacións de armas, antropomorfos e zoomorfos, manténdose solamente as representacións de carácter xeométrico.

VAL DO LÉREZ

As terras centrais da cunca do río Lérez son consideradas dende antigo coma o núcleo central do fenómeno rupestre galaico. Os municipios de Campo Lameiro e Cotobade acollen a parte máis substancial dos complexos rupestres, se cadra non tanto en canto ao número en si de rochas con petroglifos, pero sen lugar a dúbidas cando falamos en termos cualitativos.

• **PEDRA DA BOULLOSA**

Accesos: Na PO-223 Pontevedra-Campo Lameiro, antes de chegar á capital do Concello, tómasse á esquerda o desvío á parroquia de As Fragas. Pouco antes de chegar tomamos á esquerda a pista asfaltada que se adentra no monte ata chegar ao comezo do antigo camiño empedrado que sube pasando diante do complexo rupestre. Compre seguir as indicacións instaladas nos cruces.



Pedra da Boulosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Calco xeral.



Pedra da Boullosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Detalle.



Pedra da Boullosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Calco.

En terras da parroquia de Santa Mariña das Fragas, do concello de Campo Lameiro, a media ladera sobre o val do Lérez e cunhas destacadas condicións de visibilidade, a *Pedra da Boullosa* é un dos máis espectaculares conxuntos gravados rupestres do territorio galaico.

Ocupa a práctica totalidade dun afloramento rocoso de considerábeis dimensións e acusada orientación cara ao sur. Os gravados aparecen repartidos por toda a superficie, e dan a impresión de agruparse en función da compartimentación espacial que marcan as abundantes grietas e diaclasas do penedo.

O repertorio figurativo é do máis frecuente na arte rupestre galaica: deseños xeométricos –círculos concéntricos, puntos...– e naturalistas –cérvidos– se reparten por toda a superficie do batolito. Pero de entre eles sobrancean senllos


conxuntos. O primeiro, enmarcado por varias diaclasas, ofrece unha agrupación de cuadrúpedos enfilados cara á dereita e seguidos por unha figura humana esquemática que exhibe na man dereita un instrumento alongado; un círculo simple con punto central aparece entre os animais, e unha combinación de tres círculos concéntricos se adosa ao zoomorfo representado no primeiro plano, baixo o que outro animal semella adentrarse no interior doutra combinación de círculos concéntricos. Esta famosa composición é interpretada polos autores de dúas formas: ben como escena de caza –que é o máis probábel–, ben como de pastoreo. A caza maior é unha das actividades humanas de prestixio social plasmadas na arte rupestre galaica. O segundo aspecto de interese que se pode ver neste petroglifo é esa grande e infrecuente figura de serpe que foi gravada en actitude de ascender, reptando, pola parede oriental do penedo.



Pedra da Boullosa, Campo Lameiro. Pontevedra.



Pedra da Bولlosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Cérvido.



Pedra da Bولlosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Detalle.

En tempos relativamente recentes, toda a rocha foi obxecto dunha sistemática labor de gravado de deseños xeométricos, maioritariamente cruciformes, que fosilizan aos primitivos e que contrastan deles non só pola súa tipoloxía senón pola súa factura técnica e menor erosión.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.22-23.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.29.



Pedra da Boullosa, Campo Lameiro. Pontevedra. Cérvido.

• LAXE DA ROTEA DE MENDO

Accesos: Dende Campo Lameiro tomamos a PO-221 en dirección a Moraña. Dous kms máis adiante, ao rematar a subida, tomamos a pista asfaltada que á esquerda leva ao Castro de Penalba. Aquí seguimos por un camiño ata o indicador que sinala o petroglifo.

En posición privilexiada sobre a capital do concello de Campo Lameiro, con ampla perspectiva visual sobre as terras do val e a escasa distancia do asentamento castrexo do Coto de Penalba, o gran conxunto rupestre de *Rotea de Mendo* se concentra principalmente sobre unha banda a media altura entre dúas diaclasas dunha gran rocha plana inclinada ao Sudoeste. No lugar de preferencia destaca a figura dun cervo de dimensións inusuais representado no momento da berrea: actitude estática, desproporcionada cornamenta, cabeza alzada coa boca aberta, ostensible falo... Parece claro o interese posto polo artista en representar ata a esaxeración este aspecto concreto do comportamento natural, interese que de seguro agocha un simbolismo especial. No seu derredor, outros cervos de menor tamaño, varias combinacións de círculos concéntricos e multitude de trazos diversos, algún deles claramente intrusivo.

En posición marxinal vemos outra figura de cérvido de respetable tamaño pero de factura máis tosca, deseños xeométricos variados e dúas imaxes presuntamente antropomorfas pero de datación sumamente complicada.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.20-22.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.164.



Laxe da Rotea de Mendo. Campo Lameiro. Detalle do cervido central.

• CHAN DA CARBALLEIRA


Accesos: En Campo Lameiro collemos a PO-222 en dirección á Co-sededa. Pouco máis adiante tomamos, á dereita, a PO-3601 cara Moimenta e Morillas. Pasada a aldea de Painceiros, unha pista á esquerda que sube ao monte leva ata as inmediacións do petroglifo.

Unha das rochas deste complexo de gravados rupestres emprazado na freguesía de Santa María de Moimenta no Concello de Campo Lameiro presenta os restos dunha interesantísima composición na que vemos unha parella de cuadrúpedos, enfilados, que portan figuras humanas na grupa. Sabemos que se trata de cabalos pois o autor procurou plasmar con detalle as mestas colas dos animais, colas que contrastan con eses pequenos rabiños que presentan as figuras máis correntes dos cérvidos. Na grupa do cabalo mellor conservado cabalga un ser humano perfectamente diferenciado que alza os seus brazos: no esquerdo exhibe un instrumento alongado que non somos quen de identificar; mentres, co outro conduce ao cabalo mediante unha sinxela brida. Como adoita acontecer frecuentemente na arte primitiva, non foron representadas as pernas do xinete. En calquera dos casos, estamos diante dun dos máis claros expoñentes do elenco de actividades humanas de prestixio plasmado na arte rupestre galaica, neste caso concreto a equitación.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, p.27.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.114.



Chan da Carballeda. Campo Lameiro. Pontevedra. Calco.


• O RAMALLAL

Accesos: En Campo Lameiro collemos a PO-222 en dirección á Codoseda. Pouco máis adiante tomamos, á dereita, a PO-3601 cara Moimenta e Morillas. Nesta localidade abandoamos a carreiteira para nos adentrar no monte que se estende á dereita. O petroglifo atópase entre o mato e é moi pouco doado de atopar.

De entre as rochas que integran este conxunto rupestre da parroquia de Santiago de Morillas do concello de Campo Lameiro destaca unha, sobresaínte do terreo circundante e cun fronte en plano inclinado onde se pode ver gravada unha curiosísima composición na que se representa un conxunto de doce puñais e espadas xunto a un posible deseño escutiforme. Nove figuras de espadas ocupan a zona



O Ramallal 9, Campo Lameiro. Pontevedra. Fotografía do calco.



O Ramallal 9, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.

central e de visión preferente do panel, onde foron dispostas adosadas entre si de xeito alterno, como querendo formar unha a modo de greca.

Estamos diante dunha das denominadas *rochas-panoplia*, composicións de enorme interese histórico, e non só para a mellor comprensión das compoñentes simbólicas e ideolóxicas da arte rupestre galaica polo que as armas teñen de referentes do poder material, senón de cara á máis axeitada definición cronocultural da mesma, xa que como en todos, tamén neste caso concreto as espadas e puñais representados no petroglifo se corresponden cos modelos de cobre típicos do rexistro arqueolóxico dos primeiros tempos da metalúrxia no territorio galaico na segunda metade do III Milenio a.C.

Bibliografía

Costas Goberna, F.J., Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *El arte rupestre en Campo Lameiro*. Pontevedra, Xunta de Galicia, 1993, p.30.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.134.



O Ramallal 9, Campo Lameiro. Pontevedra. Vista parcial.

• **CHAN DA LAGOA**

Accesos: En Campo Lameiro collemos a PO-222 en dirección á Co-deseda. Pouco máis adiante tomamos, á dereita, a PO-3601 cara Moimenta e Morillas. Pasada esta última localidade, na zona de curvas ao inicio do descenso cara ao Lérez, á esquerda e sinalizado aparece o complexo.


O conxunto de gravados da *Chan da Lagoa* aparece inmediato á carretera que discurre por este lugar da freguesía de San Isidro de Montes no concello de Campo Lameiro. Nunha superficie rochosa emprazada a ras de chan podemos ver diferentes figuras xeométricas e varios cérvidos. Dous cuadrúpedos presentan gravadas sobre as súas grupas senllas figuras antropomorfas do estilo habitual: exhibindo na man esquerda un instrumento alongado e suxeitando coa dereita a cabeza do animal por medio dunha simple brida. Os xinetes galopan entre unha grea de cérvidos semellando desenrolar unha actividade de caza maior acorde coas que adoita relacionarse a figura humana nos gravados galai-cos: a caza maior, a monta, e a exhibición de armas, sempre de claro prestixio social e de gran riqueza simbólica e ideolóxica.

Acompañan aos deseños naturalistas dúas figuras pseudolabirínticas que semellan seren intentos fallidos de plasmar os modelos canónicos de labirintos de modelo cretense. A pedra está bastante afectada por actuacións vandálicas recentes.


Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la. *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.28-30.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed. Vía Láctea, 2001, pp.88 e 206.



Chan da Lagoa, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.



Chan da Lagoa, Campo Lameiro. Pontevedra. detalle.

• **LAXE DO OUTEIRO DOS COGOLUDOS**


Accesos: Dende Campo Lameiro collemos a PO-231 en dirección a Sacos. Pouco dempois temos que tomar á esquerda a PO-230 en dirección a Cerdedo. A un par de kilómetros tomamos a pista asfaltada que á esquerda leva á aldea de Paredes. Aquí teremos que seguir os indicadores que marcan os sendeiros que suben ao Outeiro e marcan os diferentes petroglifos do lugar.

A zona de *Os Cogoludos* ocupa unha elevación sobre o lugar de Paredes da parroquia de Santa María de Moimenta no concello de Campo Lameiro. Un dos petroglifos máis interesantes deste amplo conxunto aparece sobre a cara superior dunha grande rocha moi visible, emprazada a media encosta do outeiro que coroa o lugar.

A zona central e preferente do panel aparece materialmente coberta de deseños xeométricos: grandes combinacións de círculos concéntricos con círculos simples asociados e trazos largos se adaptan ás irregularidades da superficie



Laxe do Outeiro dos Cogolludos 19, Campo Lameiro. Pontevedra. Cérvido.



Laxe do Outeiro dos Cogolludos 19, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.



Laxe do Outeiro dos Cogolludos, Campo Lameiro. Pontevedra. Cérvido.



Laxe do Outeiro dos Cogolludos, Campo Lameiro. Pontevedra. Vista parcial.

do penedo enmarcándose entre as abundantes diaclasas e fisuras que a compartimentan. Ao redor desta masa xeométrica parecen xirar certas figuras de cérvidos; delas, a de maior tamaño, adosada a un deseño reticulado, parece xirar a cabeza para dirixir a mirada á outra máis pequena que semella estar a cheirarlle os xenitais.

Nas marxes esquerda e dereita do conxunto, separadas por senllas fisuras, outras dúas composicións: no extremo septentrional, tres cervos enfilados galopando; no meridional, unha escea de equitación formada por tres cabalos de mesta cola plasmados en batería e cos típicos antropomorfos sobre a grupa na coñecida actitude de conducir os animais coas bridas mentres exhiben un armamento indefinido.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la: *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.24-26.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed. Vía Láctea, 2001, p.97.



Laxe do Outeiro dos Cogolludos, Campo Lameiro. Pontevedra. Motivos xeométricos.

• OS CARBALLOS

Accesos: Dende Campo Lameiro collemos a PO-231 en dirección a Sacos. Pouco dempois temos que tomar á esquerda a PO-230 en dirección a Cerdedo. A un par de kilómetros tomamos a pista asfaltada que á esquerda leva á aldea de Paredes. Aquí teremos que seguir os indicadores que marcan os sendeiros que suben ao Outeiro e marcan os diferentes petroglifos do lugar.


Preto do exemplar anterior foi descuberto en tempos recentes un novo petroglifo que fora totalmente entullado polas escorrentías. Feita a escavación parcial do conxunto, saíu á luz un panel inclinado ao sudeste e materialmente coberto por multitude de deseños zoomorfos de variado tamaño que semellan representar no seu conxunto unha grea de cérvidos en actitude de se desprazar velozmente de esquerda á dereita. Algúns puntos e combinacións de círculos concéntricos, xunto a trazos e deseños inidentificábeis, completan o repertorio figurativo.

Entre todas as figuras sobrancea a do gran cervo do extremo inferior, que o artista plasmou ao galope e dotou de enorme cornamenta, orellas diferenciadas, e boca e ollos en posición frontal, detalles estes últimos moi pouco frecuentes. Pero, se cadra, o aspecto máis salientable é a serie de armas arreboladizas que aparecen cravadas no lombo do animal, verdadeiras lanzas de ancha folla que o detallismo e a boa conservación do conxunto nos permite apreciar nesta ocasión. Anque o ser humano cazador non aparece entre os deseños documentados polo momento e non se poda descartar a súa presenza explícita en tanto non se complete a escavación do conxunto, a actividade cinxética está implícita, e o simbolismo queda máis que evidente no feito tan significativo de que o animal cazado sexa o maior e máis imponente do conxunto.

Bibliografía

Costas Goberna, F.J., Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *El arte rupestre en Campo Lameiro*. Pontevedra, Xunta de Galicia, 1993, p.31.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.54.



Os Carballos, Campo Lameiro. Pontevedra. Plano xeral.


• **PEDRA DAS FERRADURAS**

Accesos: Dende Campo Lameiro collemos a PO-231 en dirección a Sacos. Pouco dempois temos que tomar á esquerda a PO-230 en dirección a Cerdedo. Pasado o lugar de Fentáns tomamos á esquerda unha pista forestal. Douscentos metros máis adiante, á esquerda, vemos o sinal que marca o petroglifo.

Un dos máis interesantes conxuntos da arte rupestre galaica é a espectacular Pedra das Ferraduras, sita no lugar de Fentáns da parroquia de San Xurxo de Sacos do concello de Cotobade, sobre un afloramento rochoso moi destacado do terreo do que se aproveitaron tanto a súa cara horizontal superior coma a parede fortemente inclinada orientada ao sudoeste.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Ídolo, gerreiros e cérvido.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Plano xeral do calco.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Vista parcial.

No plano superior aparecen deseños xeométricos clásicos e unha agrupación de numerosas representacións de pegadas de pezuñas de cuadrúpedos unglados plasmadas cun detallismo francamente sorprendente e que semellan o efecto do paso dunha grea por terreo húmido.

No plano inclinado podemos ver unha das máis extraordinarias esceas de caza maior de todo o repertorio coñecido na arte rupestre galaica. Preside unha pequena figura humana que abraza co seu brazo esquerdo un escudo circular mentres exhibe na man dereita unha enorme espada representada a tamaño real; xunto á espada, un puñal de folla triangular. Debaixo se desenrola a cacería: catro seres humanos armados con artefactos inidentificables arrodean e acosan a un grupo de cérvidos presididos e encabezados por un macho de destacada cornamenta; os animais amosan ostensibles impactos de armas arreboladizas cravadas nos lombos. Xunto a todo elo, tres figuras rectangulares que lembran as coñecidas pezas denominadas ídolos-cilindro e que se teñen por vencelladas ao ritual funerario.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Panel central.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Antropomorfo e cérvido.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Cérvidos.



Pedra das Ferradunas, Cotobade. Pontevedra. Calco do guerreiro e gran puñal.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Cérvido e idolo.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Zoomorfo e antropomorfo.

Todo o conxunto desprende un forte cheiro simbólico e se cadra propagandístico. A forma de indicar a xefatura pola posición dominante da figura e a posesión e exhibición de armamento metálico, o tipo de caza representado, a intención de facer visible a escea elexindo un plano inclinado, as pegadas de pezuñas que semellan dirixirse a unha combinación de círculos concéntricos..., todo elo fai deste petroglifo un dos máis suxerentes e atractivos de entre os coñecidos ata o día de hoxe.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la. *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.55-57.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.186.



Pedra das Ferraduras, Cotobade. Pontevedra. Detalle de pegadas.

• **LAXE DOS CEBROS**


Accesos: Dende Campo Lameiro collemos a PO-231 en dirección a Sacos. Pouco dempois temos que tomar á esquerda a PO-230 en dirección a Cerdedo. Pasado o lugar de Fentáns tomamos á esquerda unha pista forestal. Uns trescentos metros máis adiante, á esquerda, vemos o sinal que marca o petroglifo.

Nas proximidades da *Pedra das Ferraduras* atopamos este novo conxunto de gravados rupestres, neste caso sobre unha masa rocosa abombada e inclinada ao sudeste.

O primeiro que sorprende neste petroglifo é a súa plasticidade e sentido unitario, de aparente obra pechada que xira en derredor dunha combinación de círculos concéntricos con forte punto central que ocupa o lugar preferente do panel dende o punto de vista do observador. Este deseño queda enmarcado por



Laxe dos Cebros, Cotobade. Pontevedra. Vista Parcial.



Laxe dos Cebros, Cotobade. Pontevedra. Plano xeral.

catro cervos de notable cornamenta, que galopan cara á esquerda, e outras variadas combinacións de círculos concéntricos e trazos indefinidos. Entre a grupa do cervo de diante e a combinación circular central, tres arcos concéntricos marcan a estreita relación entre as figuras. Por debaixo deste grupo pódense ver os restos de alomenos catro figuras de cérvidos en mal estado de conservación e aparentemente desartelladas.

A asociación flagrante entre temas iconográficos xeométricos e naturalistas que se da neste petroglifo foi determinante no seu día para demostrar a contemporaneidade de ambos grupos de deseños e rexeitar as teorías que falaban de cronoloxías diferentes para cada un deles. O forte e escuro simbolismo que se agocha na arte rupestre galaica queda bastante claro neste fermoso exemplar.

Bibliografía

- García Alén, A. y Peña Santos, A. de la. *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.54-55.
- Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.158.

• LAXE DAS RODAS

Accesos: En Pontevedra tomamos dirección a Ourense pola N-541. Pasado San Xurxo de Sacos deixamos á esquerda o acceso á Carballeira de S. Xusto e, cen metros máis adiante, tamén á esquerda, un sendeiro adéntrase no Lombo da Costa. No tramo final da senda, á esquerda e sobre o Lérez, atopamos o petroglifo.

Coroando a elevación natural coñecida co nome de *Lombo da Costa* na freguesía de San Xurxo de Sacos do concello de Cotobade, nun emprazamento aberto sobre un meandro do río Lérez con ampla perspectiva visual das terras inmediatas, numerosas rochas con gravados rupestres integran un dos conxuntos máis nutridos dos que se coñecen ata agora. De entre todas estas rochas destaca unha, a ras de chan e de considerables dimensións, alongada en sentido norte-sur, que aparece materialmente coberta de figuras, as máis delas fortemente gravadas no duro granito local.




Laxe das Rodas, Cotobade. Pontevedra. Panel central.





Laxe das Rodas, Cotobade. Pontevedra. Plano xeral do calco.



Laxe das Rodas, Cotobade. Pontevedra. Círculos concéntricos.



Laxe das Rodas, Cotobade. Pontevedra. Detalle.



Laxe das Rodas, Cotobade. Pontevedra. Círculos concéntricos.

O espacio principal da pedra está ocupado por preto de cincuenta combinacións de círculos concéntricos de dimensións variábeis anque destaquen as de tamaño respetable. Trazos lonxitudinais entrelazan as combinacións circulares, contribuíndo así a criar esa sensación de maraña que apresenta o conxunto a primeira vista.

Nas marxes da pedra e nos escasos espazos libres que deixan os círculos, numerosas pequenas figuras de cérvidos semellan teimar por se deixar ver. Varios destes animais se adosan aos círculos, e mesmo dous deles aparecen no interior de senllas combinacións circulares.

Este petroglifo é paradigmático na arte rupestre galega polo medio natural no que se inscribe, por concitar nel a temática máis habitual, pola súa espectacularidade e pola sensación que deixa no espectador de estar en presenza dun mundo simbólico forte, amplo e inaccesible.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.50-52.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.84.

FISTERRA

Por terras de Fisterra, temos unha das estacións mais espectaculares con representación de armas dos petroglifos galegos; está no concello de Dumbría, na parroquia de Buxantes.


- **PEDRA ANCHA**

Aceso: Saíndo de Cee cara o Norte pola estrada AC-552 chegando a Dumbría, nos desviamos en dirección ascendente para a parroquia de Buxantes; chegando ata a fábrica de carburos, dónde nos atoparemos co vello camiño real; en dirección Oeste a dereita do camiño destaca unha grande rocha na que se atopan os gravados.

Coma no caso da Pedra das Procesións da serra do Galiñeiro en Vincios (Gondomar, Pontevedra) tamén este petroglifo ocupa a cara máis visible dun afloramento rocoso de boas dimensións e moi destacado na paisaxe, e tamén coma o anterior, os temas representados son as figuras de armas dos inicios da metalurxia.

O penedo aflora preto do Alto de Fragoso no concello de Dumbría, e a parede escollida para o gravado do petroglifo foi a oriental, de forte inclinación e por tramos pouco menos que vertical. A vontade posta en facer visíbeis as figuras á distancia é, polo tanto, manifesta.

Os temas representados son armas. Vemos varias espadas e alabardas, trasuntos de exemplares de cobre ben coñecidos no rexistro arqueolóxico galai-co, e deseños triangulares moi semellantes aos dos petroglifos de *Auga da Laxe* e, sobre todo, *Castrinho de Conxo*, que por lóxica temos que pensar que toman como modelo un tipo de escudo descoñecido por estar confeccionado con materiais orgánicos que non sobreviviron ao paso do tempo.



Pedra Ancha, Dumbria. A Coruña. Plano xeral.



Pedra Ancha, Dumbria. A Coruña. Representación de armas.

Grupos de cruces de factura relativamente moderna fosilizan as figuras situadas máis a ras de chan. O paso inmediato do vello camiño real de Fisterra pode que teña algo que ver co gravado destas figuras intrusivas.

Bibliografía

Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Albo Morán, J.M.; *Los Grabados rupestres de Armas de Pedra Ancha (Dumbria, A Coruña)*. A Coruña. Revista Brigantium nº 8, do Museu Arqueolóxico e Arquivo Histórico de A Coruña. 1993-94, pp .245-262.



Pedra Ancha, Dumbria. A Coruña. Vista parcial.

RÍA DE MUROS

No concello de Muros atópanse unha serie de gravados rupestres con predominio de representacións xeométricas, destacando as superficies de Cova da Bruxa ou Cova do Gato, e Laxe das Rodas polas súas particularidades.

- **A COVA DA BRUXA**

Acceso: dende a estrada C-550, de Noia a Muros, desviarse pola estrada AC-403, Serres – Santa Comba. No km 9,8 desviarse a esquerda por pista sin asfaltar; ascendendo en liña recta a 350 m témolo petroglifo.




Cova da Bruxa, Muros. A Coruña. Cérvido e motivo xeométrico.

Os gravados distribúense por unha gran laxe de lixeira pendente, e consisten maioritariamente en figuras de carácter xeométrico a base de círculos concéntricos, pero o que lle dá carácter a esta superficie son as figuras de cuadrúpedos xunto os que aparece a representación dunha figura humana en actitude de acoso, actitude coñecida na Pedra das Ferraduras de Cotobade ou na Pedra da Boullosa en Campo Lameiro (Pontevedra). Resulta particularmente interesante pola escasez deste tipo de representacións a figura dun cervo que podemos identificar como macho pola súa cornamenta, asociado a un cuadrangular reticulado configurando unha interesante escena de cévido astado atrapado nunha trampa; a actitude do cervo berrando dálle un especial realismo a representación.

Bibliografía

- García Martín, T.; *Estacións de Arte Rupestre de Carnota e Muros (A Coruña)*. A Coruña. Brigantium, Boletín do Museo Arqueolóxico e Arquivo Histórico de A Coruña, nº 4. 1983, pp.35-44.
- Eiroa, J. Rey, J.; *Guía de los Petroglifos de Muros*. A Coruña. 1984.



Cova da Bruxa, Muros. A Coruña. Plano xeral do calco.

• **A LAXE DAS RODAS**

Acceso: Saindo de Muros en dirección a Louro e Carnota pola estrada C-550, en Louro tomamos o desvío a dereita que nos leva o barrio da Pallagueira, nas últimas casas bordeamos pola dereita o depósito de auga e pasando o Monte das Cruces chegamos a un camiño de servizo veciñal polo que continuamos dez metros dónde atopamos o Outeiro da Guerra, aquí o NE está a Chán de Eiroa dónde está o petroglifo.

Trátase dun gran conxunto de gravados, no que aparecen varias combinacións circulares de tipoloxía diversa: pequenas coviñas, círculos concéntricos con coviña central, destacando a presenza de dúas espirais con oitenta cm. e cuarenta cm. de diámetro respectivamente formando unha dobre espiral, xá que ámbalas-duas están asociadas, e rodeadas totalmente de pequenas coviñas. A particularidade desta composición orixinou a súa interpretación como calendario lunar por parte dalgúns autores.



A Laxe das Rodas, Muros. A Coruña. Motivos xeométricos e coviñas.

Bibliografía

- García Martín, T.; *Estaci3ns de Arte Rupestre de Carnota e Muros (A Coruña)*. A Coruña. Brigantium, Boletín do Museo Arqueolóxico e Arquivo Histórico de A Coruña, nº 4. 1983, pp.24-28.
- Eiroa, J. Rey, J.; *Guía de los Petroglifos de Muros*. A Coruña. 1984.



A Laxe das Rodas, Muros. A Coruña. Detalle central.

RÍA DE AROUSA

Nas marxes da Ría de Arousa, destacan as estacións de San Xínés de Bamio en Carril e as dos concellos de A Pobra do Caramiñal, Boiro e especialmente as do concello de Rianxo localizadas nos primeiros anos da década dos noventa do pasado século, das que sobrancean as estacións de Outeiro Gordo e as das inmediacións da Praia das Cunchas.

- OS MOUCHOS

Acceso: Pola Pola estrada C-550 que pasa por Rianxo (si vamos de Rianxo a Padrón, despois de pasar Rianxo. Sí vamos de Padrón a Rianxo, antes de Rianxo) na parroquia de Leiro na localidade de Brión, tomar a pista que chega ata a coñecida praia das Cunchas. Cinco centos metros antes de chegar a paria a esquerda atópanse os gravados.

No lugar coñecido como Os Mouchos, distribuídos por catro superficies aparecen como elementos maioritariamente representados as figuras de



Os Mouchos, Rianxo. A Coruña. Cérvidos.

cuadrúpedos que podemos interpretar como cervos debido a cornamenta que presentan. Sbrancean os grupos I e III.

No grupo I destaca a figura dun gran cervo que presenta a sua cabeza xirando hacia o seu lombo sobre o que aparece unha figura que podemos interpretar como antropomorfa e dous cervos mais pequenos. A ausencia de cornamenta desta gran figura pode facernos pensar que tratase da representación dunha femia. Completan o repertorio da superficie outras figuras de cervos al-



Os Mouchos, Rianxo. A Coruña. Detalle do cérvido.

gúns deles astados e apresencia na parte superior dunha serie coviñas no interior dunha figura circular inacabada.

O grupo II presenta un grupo de pequenos cuadrúpedos, con indicación de posible monta.

No grupo III, unha laxe de pronunciada inclinación, orientada o nacente sobrancean as figuras de cervos astados, nos que se aprecia o estilo particular desta área; son cervos de pescozo alto e corpo rectangular. Algún dos cervos levan incorporados no seu lombo alguha figura que poidera constituir a representación dalgunha monta ritual. Tamén chama a atención nesta laxe a presenza dunha figura humana na parte superior, que a diferencia das coñecidas representacións tradicionais esquemáticas e de pequeno tamaño, aquí destaca polas súas dimensións e a súa actitude de “orante” cos brazos abertos.

O grupo IV presenta dous cervos astados coa particularidade de que un deles presenta o interior do seu corpo seccionado.

Bibliografía

Costas Goberna, F.J.; Hidalgo Cuñarro, J.M.; Novoa Alvarez, P., *Los Grabados Rupestres de las inmediaciones de Praia das Cunchas en Rianxo (A Coruña)*. Vigo. Revista Castrelos do Museo Municipal “Quiñones de León” nº 12. 1999, pp.48-65.

RÍA DE PONTEVEDRA

As marxes da ría de Pontevedra, na que desemboca o Lérez, comparten coas terras do curso medio deste río a condición de territorio nuclear da arte rupestre galaica. A maior parte dos seus numerosos complexos rupestres é coñecida dende hai máis de cen anos, sen dúbida pola inmediatez ao lugar de residencia da maior parte dos investigadores que localizaron e definiron o fenómeno rupestre durante a transición entre os séculos XIX e XX, vencellados á benemérita *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*.


- **OUTEIRO DO CRIBO**

Accesos: En Pontevedra collemos a C-550 en dirección a Sanxenxo. Chegados a Samieira tomamos á dereita a PO-303 cara á Meañó. Coroando a subida tomamos, á dereita, a PO-4502 a Armenteira. No cruce de O Busto torcemos outra vez á dereita para o Monte Castrove. Ao fondo da recta, unha pista á esquerda leva ata o petroglifo, que está sinalizado.

No lugar de O Busto da parroquia de Santa María da Armenteira, concello de Meis, sobre un afloramento rochoso plano, de forte inclinación cara ao Oeste, este petroglifo aparece presidido por unha representación canónica de labirinto de modelo cretense. Trátase dun deseño de complicado trazado que remite a un modelo iconográfico estendido polo Mediterráneo dende tempos prehistóricos, onde foi posto en relación directa co coñecido ciclo mitolóxico cretense do Minotauro, e logo, xa en época romana, tamén coa non menos mitificada cidade de Troia. A súa presenza no contexto rupestre galaico, máis aló dos fortísimos valores simbólicos que agocha, abre interesantes reflexións sobre os contactos mantidos cos focos culturais mediterráneos en momentos tan antigos como poden ser os tempos do III Milenio a.C., que é a data máis probábel do desenrolo deste ciclo rupestre.



Outeiro do Cribo, Meis. Pontevedra. Panorâmica xeral.



Outeiro do Cribo, Meis. Pontevedra. Plano xeral do calco.

Por baixo desta figura, enmarcado polas fisuras da rocha, vemos un grupo de tres cervos dispostos en batería caminando cara á dereita e nos que se perciben atisbos do uso da perspectiva ao seren debuxados cun tamaño decrecente do primeiro ao último plano. Os cervos presentan trazos indefinidos adosados aos seus cartos traseiros.

Por fin, un terceiro panel definido polas diaclasas amosa outras dúas figuras de cérvidos xunto a unha combinación de dous círculos concéntricos.

En tempos recentes e con instrumental de ferro foi trazada unha curiosa figura de xinete e varias liñas sobre o labirinto, unha delas cortándoo polo medio.


Bibliografía

- García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.77-78.
- Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed. Vía Láctea, 2001, p.115.

• LAXE DAS LEBRES

Accesos: En Pontevedra collemos a C-550 en dirección a Sanxenxo, e nada máis cruzar a ponte da Barca tomamos o ramal á urbanización de A Caeira. No espacio de monte no que desembocan as pistas máis altas desta urbanización atópase a zona de arte rupestre.

O complexo rupestre da Caeira no concello de Poio ocupa un amplo espacio a media altura da ladeira oriental do macizo do Montecelo, sobre a



Laxe das Lebres, Poio. Pontevedra. Plano xeral do petroglifo.

confluencia do río Lérez e a ría de Pontevedra. Dos numerosos petroglifos que o integran destaca este, gravado sobre unha superficie relativamente plana de boas dimensións e sensible inclinación cara ao sudeste.

A rocha aparece materialmente coberta por máis de corenta figuras de cérvidos que, como adoita acontecer, se agrupan en función da compartimentación do espacio provocada polas diaclasas do penedo. Non estamos diante dunha traslación directa da Natureza xa que tal concentración, e sobre todo tal cantidade de machos de ampla cornamenta, non parece que teña referentes no comportamento natural dos cervos; máis ben estaríamos diante dunha das máis claras probas do valor simbólico desta especie zoolóxica para as comunidades responsábeis da arte rupestre galaica. Esta impresión vese reforzada pola famosa composición que parece ocupar o lugar preferente do panel: esa na que se ve un macho de boa cornamenta e cabeza alzada como berreando, xunguido simétricamente polas patas cunha outra figura semellante anque con astas desprovistas de candís, coma se fose a súa propia sombra. O suxerente desta composición aumenta cando vemos o círculo con nove puntos no seu interior que a acompaña.

Entre a masa de animais parecen distinguirse dúas posíbeis esceas de equitación do estilo xa visto noutros exemplos anteriores, e na esquina inferior dereita unha parella de cervos –astado e con falo explícito o superior– que tradicionalmente ven sendo interpretada como cópula.

Bibliografía

García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.94-95.

Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed. Vía Láctea, 2001, p.154.

• **PEDRA DO LABIRINTO**

Accesos: En Marín tomamos a C-550 en dirección a Bueu para inmediatamente coller a desviación que leva ás praias de Portocelo e Mogor.

Emprazado directamente sobre a praia de Mogor no concello de Marín, este petroglifo é, se cadra, o máis coñecido do ámbito galaico, ou, cando menos, o que máis referencias bibliográficas acumula.

Sobre o lugar preferente do plano levemente inclinado ao Leste dunha rocha alongada, unha magnífica figura de labirinto de modelo cretense preside o conxunto. Varias combinacións de círculos concéntricos, puntos e trazos diversos completan o conxunto de gravados.

A figura principal repite o modelo xa visto no petroglifo do *Outeiro do Cribo*, anque ofrece como particularidades máis evidentes a presenza do punto




Pedra do Labirinto, Marín. Pontevedra. Detalle.

central –que a aproxima ás combinacións de círculos concéntricos– e varios trazos adosados polo exterior. Destes últimos, os que aparecen xunto á “entrada” veñen sendo interpretados coma unha tentativa por representar unha sorte de “porta” de acceso ao laberinto.

Máis aló da simboloxía desta figura, da que xa falamos cando vimos a do petroglifo de Armenteira, compre asinalar a relación que amosa a respecto dos temas máis clásicos da arte rupestre galaica –cos zoomorfos naquel, cos círculos neste–, o que ven rexeitar a súa posible condición de elemento tardío e intrusivo. De estar no certo en canto á súa relación directa cos nosos petroglifos, considerando a cronoloxía que estamos a manexar para o conxunto da arte rupestre galaica –III Milenio a.C. en liñas xerais–, este motivo iconográfico, que acadará forte incidencia nos focos culturais mediterráneos dende a Idade do Bronce ata os tempos plenamente históricos, tería os seus máis antigos referentes coñecidos no mundo dos petroglifos galaicos.

Bibliografía

- García Alén, A. y Peña Santos, A. de la; *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1980, pp.73-75.
- Peña Santos, A. de la e Rey García, J.M.; *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed.Vía Láctea, 2001, p.40.



Pedra do Labirinto, Marín. Pontevedra. Debuxo do plano xeral.

• **PEDRA DOS MOUROS**

Accesos: En Marín tomamos a C-550 en dirección a Bueu para inmediatamente coller a desviación que leva ás praias de Portocelo e Mogor.

